



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 35

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 9 de outubro de 2002

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (continuación).

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral: Informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Continuación.) (Punto único da orde do día.)

Debate das propostas de resolución

O señor presidente infórmalle á Cámara do desenvolvemento deste debate, e pídelles ó señor secretario que dea lectura ás propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 2463.) *O señor secretario (Pedrosa Vicente) le as propostas de resolución admitidas.* (Páx. 2463.)

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios para presentación e defensa global das propostas: Sr. Rego González (S) (Páx. 2464.), Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 2467.) Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 2470.) e Sr. Casares González (P). (Páx. 2474.)

O señor presidente suspende a sesión por trinta minutos, co fin de chegar a acordos en relación coas propostas de resolución presentadas. (Páx. 2481.)

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

Rolda de posicionamento dos GG.PP. respecto das propostas dos demais: Sr. Rego González (S) (Páx. 2481.), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 2483.) e Sr. Casares González (P). (Páx. 2485.)

Votación das propostas de resolución

O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación das propostas de resolución, e pídelles ós portavoces dos grupos parlamentarios que no momento da votación indiquen as propostas de resolución para as que solicitan a votación por separado. (Páx. 2487.)

O señor Rego González (S) solicita intervir respecto de determinadas ofertas de transacción do G.P. Popular de Galicia en relación coas propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 2487.) *Respóndelle o señor presidente.* (Páx. 2488.) *O señor Rego González (S) intervé de novo sobre esta cuestión.* (Páx. 2488.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 2488.)

O señor Veiga Buxán (BNG) intervén para solicita-la agrupación de diversas propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia para os efectos da votación, e que pasa a enumerar. (Páx. 2488.)

O señor Casares González (P) solicita que se vote por separado a proposta de resolución núm. 23 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 2488.)

Votación conxunta das propostas de resolución núms. 4, 7, 8, 11, 17, 19, 21, 24, 41, 42 e 43 do G.P. do dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 17 votos a favor, 39 en contra e 17 abstencións. (Páx. 2488.)

Votación da proposta de resolución núm. 23 do G.P. dos Socialistas de Galicia: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2489.)

Votación do resto das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2489.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación das propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2489.)

O señor Rego González (S) solicita a votación por separado de determinadas propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, e que pasa a enumerar. (Páx. 2489.)

O señor Casares González (P) solicita a votación por separado de determinadas propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, e que pasa a enumerar. (Páx. 2489.)

O señor Rego González (S) introduce unha modificación en relación coa enumeración das propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego para os efectos da votación. (Páx. 2489.)

Votación conxunta das propostas de resolución núms. 67, 69, 70, 79, 82, 96, 97 e 48 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 17 votos a favor, 39 en contra e 15 abstencións. (Páx. 2490.)

Votación da proposta de resolución núm. 97: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2490.)

O señor presidente manifesta que o voto do señor Rodríguez González é un voto a favor. (Páx. 2490.)

Votación conxunta das propostas de resolución núms. 4, 9, 36, 39, 110 e 123 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2490.)

O señor presidente manifesta que se van vota-las propostas de resolución transaccionadas e pídelles ós grupos que expliquen as transaccións en relación con cada unha delas. (Páx. 2490.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta número 1 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2490.)

Votación da proposta de resolución núm 1 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx.2490.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 7 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2490.)

Votación da proposta de resolución núm. 7 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2490.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 31 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2491.)

Votación da proposta de resolución núm. 31 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2491.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 37 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2491.)

Votación da proposta de resolución núm. 37 do G.P. do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2491.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 40 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2491.)

Votación da proposta de resolución núm. 40 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2491.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 59 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2491.)

Votación da proposta de resolución núm. 59 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2491.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 92 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2492.)

Votación da proposta de resolución núm. 92 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2492.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 93 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2492.)

Votación da proposta de resolución núm. 93 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2492.)

O señor Casares González (P) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 104 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 2492.)

Votación da proposta de resolución núm. 104 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2492.)

Votación do resto das propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 34 a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2492.)

O señor presidente anuncia que se van vota-las propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2492.)

O señor Veiga Buxán (BNG) enumera as propostas de resolución transaccionadas; pide a votación conxunta, nun bloque, das propostas de resolución núms. 2, 3, 6, 10, 11, 16, 20, 21, 22, 24, 26, 28, 35, 36, 38, 39, 41, 42, 43, 44 e 45, e pide a segregación, noutro bloque, das propostas de resolución núms. 1 e 46. (Páx. 2492.)

O señor Rego González (S) pide a votación separada das propostas de resolución núms. 1, 2, 8, 9, 10, 16, 21, 22, 23, 29, 32 e 39. (Páx. 2493.)

Votación da proposta de resolución núm. 1 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 39 votos a favor, 17 en contra e 17 abstencións. (Páx. 2493.)

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 39 voto a favor, ningún en contra e 34 abstencións. (Páx. 2493.)

O señor Veiga Buxán (BNG) intervéñ para solicitar que a proposta de resolución núm. 4 se vote conxuntamente coa proposta núm. 46. (Páx. 2493.)

Votación conxunta, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, das propostas de resolución núms. 3, 6, 11, 20, 24, 26, 28, 35, 36, 38, 41, 42, 43, 44 e 45 do G.P. Popular de Galicia: aprobadas por 55 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2493.)

Votación conxunta, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. dos Socialistas de Galicia, das propostas de resolución núms. 10, 16, 21 e 22 e 39: aprobadas por 39 votos favor, ningún en contra e 34 abstencións. (Páx. 2493.)

Votación conxunta, por petición do G.P. dos Socialistas de Galicia, das propostas de resolución núms. 8, 9, 29 e 32 do G.P. Popular de Galicia: aprobadas por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2494.)

Votación conxunta, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, das propostas de resolución núms. 4 e 46 do G.P. Popular de Galicia: aprobadas por 46 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención. (Páx. 2494.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 5 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2494.)

Votación da proposta de resolución núm. 5 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2494.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 7 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2494.)

Votación da proposta de resolución núm. 7 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2494.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2494.)

Votación da proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2495.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 9 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2495.)

Votación da proposta de resolución núm. 9 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2495.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 23 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2495.)

Votación da proposta de resolución núm. 23 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2495.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción en relación coa proposta de resolución núm. 30 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 2495.)

Votación da proposta de resolución núm. 30 do G.P. Popular de Galicia nos termos explicados: aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2495.)

Votación do resto das propostas de resolución formuladas polo G.P. Popular de Galicia: aprobadas por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións. (Páx. 2495.)

O señor presidente levanta a sesión. (Páx. 2495.)

Levántase a sesión ás oito e vinte e seis minutos da tarde.

Reiniciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora López Gómez.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado do señor conselleiro de Economía e Facenda e da señora conselleira de Familia Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate de propostas de resolución

Debate das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Continuámo-la sesión e infórmolles de que o debate sobre a defensa das propostas de resolución se fará da forma seguinte: concederase un tempo de trinta minutos ós distintos grupos que presentaron as propostas de resolución; despois faremos unha suspensión por se hai acordos entre os distintos grupos; a continuación unha rolda de posicionamento de dez minutos para cada un dos grupos parlamentarios que fixeron a súa exposición; e a seguir procederemos á votación.

Antes de pasar á súa defensa, rógole ó señor secretario que dea lectura ás resolucións emitidas pola propia Mesa.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Moitas grazas.

A Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar no día de hoxe, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Punto segundo.- Exame e cualificación das propostas de resolución presentadas ó debate de política xeral. A Mesa examina as propostas de resolución presentadas polos tres grupos parlamentarios da Cámara seguindo a súa orde de inscrición no Rexistro. En primeiro lugar, as 124 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; de seguido, as 46 do Grupo Parlamentario Popular, e as 43 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Logo dun detido exame das propostas e dun debate sobre o contido delas e sobre a súa congruencia nos termos previstos no artigo 141 do Regulamento, así como a súa corrección do debate aprobado pola Mesa o día 1 de outubro, e visto o disposto no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, a Mesa prestou por unanimidade a súa conformidade ós seguintes acordos:

-Propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Decláranse congruentes e admitense a trámite as 124 propostas de resolución presentadas, coa observación seguinte. A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno e que a proposta de resolución número 17 se dirixe ó Parlamento de Galicia e non ó Executivo; xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade desta proposta.

-Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Decláranse congruentes e admitense a trámite as 46 propostas de resolución presentadas, coa observación seguinte. As resolucións números 17, 38, 39 e 40 débense completar coa expresión “o Parlamento insta a Xunta de Galicia...”.

-Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Decláranse congruentes e admitense a trámite as 43 propostas de resolución presentadas coa observación seguinte. Primeiro. A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno e que a proposta de resolución número 1, apartado primeiro e a proposta de resolución número 4, apartado primeiro, letras a) e b), se dirixen ó Parlamento de Galicia e non ó Executivo; xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade destas propostas. Segundo. A resolución número 41 débese completar coa expresión “o Parlamento insta a Xunta de Galicia...”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2002.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Pasamos entón agora á rolda de defensa e presentación das propostas de resolución.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, gustaríame informalos a todos vostedes de algo que xa llo teño dito ó señor presidente do Parlamento, de que nas propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia imos compartí-la súa defensa o compañeiro José Luís Méndez Romeu e eu mesmo; polo tanto, interviremos os dous na defensa das nosas propostas de resolución.

Señorías, no debate celebrado nesta Cámara no día de onte quedou ben claro, quedou reflectidamente claro, que o noso país ten profundas necesidades, ten eivas considerables, que derivan da acción do Goberno, mesmo o propio presidente da Xunta na súa intervención recoñeceu que hai eivas e déficits moi considerables dentro do noso país que afectan a sectores da nosa sociedade dunha forma ben importante.

Quedou tamén, señorías, reflectido no debate que tivo lugar no día de onte que o noso país ten medios, recursos e competencias para poderlles facer fronte a todos estes problemas. Quedou reflectido fundamentalmente despois da intervención do portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Emilio Pérez Touriño, quen deixou ben claro que ó tempo que hai importantísimos problemas que solucionar no noso país e que contamos cun Goberno que na tarde de onte —e o máis problemático é que tamén nos meses pasados— demostrou certa incapacidade e parálise para facerlles fronte, que o noso país ten competencias, recursos e debe de ter capacidade tamén para facerlles fronte a todos e a cada un dos problemas que se plantexaron.

Iso, señorías, é o que pretenden modestamente as nosas propostas de resolución. Pretenden, en liña co discurso realizado por Emilio Pérez Touriño no nome dos socialistas galegos na tarde de onte, poñer-lo Goberno da nosa Comunidade en disposición de lle facer fronte a unha parte importante deses problemas; pretenden incentivar-la acción do Goberno para facer fronte a problemas que afectan á nosa sociedade, e, polo tanto, enténdanas vostedes cun marcado carácter positivo, como unha achega constructiva para tentar solucionar-los problemas do noso país. Son, señorías, propostas de suma, non de resta; son propostas de inclusión, non de exclusión de nada nin de ninguén; senón que son,

señorías, propostas necesarias e que entendemos que irían directamente en favor dos intereses do noso país, que é nada menos que en favor dos intereses dos galegos e das galegas. Señorías, polo tanto, quede claro que ese é o espírito e o sentir das nosas propostas.

Señorías, coa proposta que facemos, sabedores como somos da capacidade que temos de autogobernarnos e dos medios e recursos dos que partimos, consideramos que é posible afondar no autogoberno da nosa Comunidade, que é posible poñer en valor un reforzamento do noso autogoberno, cun marcado carácter de suma, non de exclusión, non de resta, senón de achega. E esa achega, señorías, debería de vir derivada da conformación da opinión de todos e cada un dos deputados e deputadas desta Cámara encamiñada de cara a onde queremos levar e reforza-la capacidade do noso autogoberno, señorías. De aí a proposta que xa onte adiantaba o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cando afirmaba que propoñíamo-la creación dun grupo de traballo neste Parlamento para afondar no reforzamento do autogoberno da nosa Comunidade, e poñíamos catro grandes áreas, que indubidablemente poden ser outras, e deben de saír do traballo dese grupo xunto co grupo de expertos, que a nós nos parece que se debe convoca-la súa participación, alleos á vida parlamentaria e alleos incluso ás tarefas políticas, pero que nos parece que deben de contribuír a buscar unha mellor solución e un maior reforzamento do autogoberno do noso país.

Señorías, esta é a nosa proposta, unha proposta aberta, que ten un marcado carácter constructivo e que nos parece que pode contribuír non soamente a reforza-lo autogoberno de Galicia senón que pode ser tamén unha importante achega ó proxecto plural de España. Polo tanto, nesa dirección vai a nosa proposta.

A nosa proposta ten un segundo punto, e parécenos que se pode incidir xa na negociación dun paquete de transferencias ou de delegación de competencias, señorías, que nos parece que se pode centrar claramente en que o Goberno da nosa Comunidade poida asumir-las competencias en materia de portos e aeroportos, de concas hidrográficas, do espazo marítimo-terrestre, da xestión dos fondos estruturais da nosa Comunidade, da execución en Galicia dos proxectos do Estado, da creación da policía autonómica, desde logo enmarcada dentro dun plan autonómico de seguridade cidadá.

Señorías, parécenos que en todas e cada unha destas cuestións o Goberno debería, como primeiro paquete de medidas, poñerse a negociar co presidente do Goberno de España, co propio Goberno de España, este tipo de competencias, que poden ser dedicadas incluso algunhas delas á transferencia da propia xestión. Parécenos que este sería o primeiro paquete, pero que poderían vir derivadas algunhas outras, que contribuirían ó reforzamento do noso autogoberno e a mellorar e a acerca-las decisións ós cidadáns, que nos parece que é bastante máis operativo que afastalas, señorías.

Pero queremos tamén reforza-lo autogoberno partindo do reforzamento da autonomía local, partindo do reforzamento do local, do reforzamento dos nosos concellos, atribuíndolles ós concellos novas competencias, garantíndolle a súa autonomía, e aquí, señorías, estarán de acordo comigo en que hai que pasar das palabras ós feitos, en que hai que facer máis e dicir menos. Hai que falar menos do pacto local e executar máis pacto local, sentarse máis coa Fegamp e poñer en valor o que son, o que serían e deberían de se-las consecuencias do pacto local, señorías; e sobre todo o que debería de se-lo respecto institucional. E para iso facemos unha achega que nos parece que debería de ser ben positiva. Deberíamos de empezar por unha lei de subvencións, señorías, deberíamos de empezar por un rexistro público de subvencións e de convenios que se deberían realizar coas distintas administracións; parécenos importante que se dea transparencia, luz e taquígrafos á relación entre as distintas institucións. Marcar, señorías, o reforzamento da vida local pasa por saca-los concellos do seu afogamento financeiro no que están metidos. Polo tanto, parécenos que hai que ir a un plan de saneamento das corporacións locais, sobre todo naquelas corporacións locais que teñen maiores déficits e que están máis afogadas.

As súas señorías saben –seguramente todos e cada un de vostedes o coñecen– que hai xa moitos concellos na nosa Comunidade Autónoma –e estou seguro de que o presidente da Xunta tamén– que non poden acollerse, por exemplo, ós plans provinciais nin a ningún outro plan que necesite cofinanciamento local. ¿Por que? Porque non teñen recursos nin posibilidade de acceder a eles para ir a ese modelo de cofinanciamento. Así, hoxe en día temos moitos concellos no interior de Galicia que non poden acudir a ese tipo de plans porque non teñen recursos para ir a ese cofinanciamento, señorías. Por iso propoñemos un plan de saneamento das

corporacións locais, sobre todo das súas débedas, e, desde logo, explicitámolo dunha forma ben clara na nosa proposta de resolución: afondar, reforza-la autonomía local, reforza-lo poder local, é, señorías, a xuízo dos socialistas, reforzar tamén o autogoberno de Galicia. Ter articulado un bloque institucional potente dentro da nosa Comunidade, e que ademais dea resposta da forma máis próxima posible ós problemas dos cidadáns, iso é, señorías, ó noso xuízo, reforza-lo autogoberno de Galicia.

O mesmo facemos coa descentralización desde o Goberno do Estado cara a Galicia. Parécenos que o feito de que haxa unhas comunidades autónomas fortes, unhas comunidades autónomas con poder de decisión, coa máxima lealdade, señorías, tamén contribúe a reforza-lo papel do Estado e a afondar na súa pluralidade. Este, señorías, é o plantexamento que facemos como reforzamento do noso autogoberno: o fortalecemento da autonomía local.

Señorías, hai que marcar unhas regras de xogo claras tamén nos medios públicos de comunicación. Parécenos que hai que buscar unha nova relación dos medios públicos de comunicación entre o Goberno e a propia sociedade. Señorías, parécenos que hai que ir a un novo modelo do audiovisual de Galicia marcado pola pluralidade; parécenos que hai que ir a unha reforma da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, para que o seu presidente sexa elixido por este Parlamento con maioría dos dous tercios, para garanti-la súa pluralidade. Parécenos que o Consello da Cultura Galega deberá de facer un informe anual para que todos poidamos saber se a Compañía de Radio-Televisión de Galicia cumpre cos requisitos que están establecidos na lei da súa creación no tocante á achega e ó desenvolvemento da nosa cultura, da nosa lingua; sobre todo aquilo que ten atribuído na lei de creación da propia compañía, señorías.

Señorías, cremos –e facemos unha contribución neste sentido que nos parece razoable e que debería ser apoiada– que Galicia, como na tarde de onte quedou aquí demostrado, necesita claramente, coa máxima urxencia, un programa de reactivación económica. O noso país necesita facer fronte, dunha forma clara e decidida, á situación de declive na que hoxe en día estamos, declive nos niveis que foron expresados –e non os vou repetir– perfectamente polo señor Touriño na tarde de onte. Necesítase ir a un programa de actuacións claras, concretas e concisas no que se asuman com-

promisos de dinamización económica no noso país. Necesítase a creación dun fondo de equilibrio territorial, señorías, que dalgunha maneira diversifique os investimentos no territorio tendo en conta o seu estado de necesidades, tendo en conta índices claros de cohesión. Tódolos investimentos públicos da Comunidade Autónoma deben estar marcados e guiados por índices claros de cohesión social e territorial, algo que ata o de agora, señorías, non se ten feito; entre outras cousas non podería ser así porque nin sequera temos aprobadas as directrices de ordenación territorial dentro da nosa Comunidade, señorías. Polo tanto, propoñemos tamén un plan e directrices claras de ordenación do territorio, señorías; parécenos fundamental para os investimentos do noso país e é fundamental para as actuacións dentro da nosa terra para os próximos anos. Nada diso se fixo, pero todo iso estamos a tempo de facelo, con compromisos claros en materia de infraestruturas, de zonas de actuación loxística, en materia de vivenda, en materia de solo industrial, en políticas enerxéticas, señorías, buscando o equilibrio territorial da nosa terra, para que sexa certo o que o señor presidente da Xunta dicía aquí na tarde de onte.

Dicía o señor presidente que xa non había dúas galicias. Señor presidente, a verdade é que eu non sei se a Galicia que aparca tódolos días encima da beirarrúa do Vilas non lle deixa a vostede ve-la outra. Pero cóstalle a outra, señor presidente. Existe a outra Galicia. Existe a Galicia na que os mozos tardan un ano máis para incorporarse ó mundo laboral ca no resto de España, señor presidente; existe a Galicia onde o paro feminino é moito máis elevado ca no resto de España, señor presidente; existe a Galicia na que os presupostos xerais do Estado nos deixan 110 euros por debaixo da media española por habitante, señor presidente; existe a Galicia que ten comunicadas por autoestrada de peaxe as dúas principais cidades ou áreas urbanas do noso país, en torno á cal, por certo, está boa parte do tecido productivo, económico e social da nosa terra, señor presidente. Existe esa Galicia. Existe a Galicia na que moitísimas familias, 70 de cada 100, teñen problemas para chegar a fin de mes, señor presidente. Existen, polo tanto, as dúas galicias. O que lle pregámo-los socialistas é que vostede non mire para unha soa senón que mire para as dúas.

A Galicia que vostede nos amosa na televisión tódolos días, esa existe, sen dúbida, pero existe para tapa-la outra, señor presidente. Existe única e exclusivamente para tapa-la

outra, a Galicia real, a Galicia que sofren os cidadáns tódolos días. Esa Galicia, señor presidente da Xunta, teña a completa seguridade de que existe e de que ten profundas necesidades. Debía empezar vostede por recoñecelo, porque desta maneira tería moitas máis facilidades e posibilidades para facerlle fronte ós problemas que ten esa Galicia, señor presidente.

Polo tanto, dado que os orzamentos do Estado nos deixan en moi mal lugar, señor presidente, propoñémoslle que negocie co presidente do Goberno de España un incremento de 50.000 millóns de pesetas, que son os que nos pertencen se temos en conta o noso volume de poboación –xa esquecéndonos de que somos rexión obxectivo número 1, esquecéndonos xa diso– e con iso verá vostede como pode negociar tamén co presidente do Goberno de España, con cargo a esa partida, a comunicación entre Santiago e Ourense sen crear unha empresa pública. Por certo, van vender unha, Audasa, que dá miles de millóns de pesetas anuais, e van crear outra que o señor conselleiro de Economía xa nos afirmou a todos que ía dar miles de millóns de perdas tódolos anos. Ou sexa que, a verdade, contradicción máis grande é imposible atopala nun Goberno.

O señor PRESIDENTE: Leva catorce minutos xa.

O señor REGO GONZÁLEZ: Remato, señor presidente, para dicirlles que cremos que hai que facer unha política en favor dos intereses do noso país. Entendemos que é posible, entendemos, señor presidente, que vostede debería de estar en condicións de facelo. Desde logo, apoio dos galegos para levalo a cabo non lle faltou, polo tanto, o que lle pedimos é que negocie este incremento nos orzamentos do Estado que lle permita construí-los tramos do corredor do Cantábrico, a comunicación entre Santiago e Ourense, a comunicación entre as grandes vilas e cidades do noso país, e, señor presidente, pedímoslle que dunha vez por todas vostede actúe responsablemente con respecto ó que se está a facer coa autoestrada do Atlántico.

O que se está a facer coa autoestrada do Atlántico, señor presidente, é un tema certamente moi duro. Díxennlle antes a importancia que ten para os galegos como eixo de comunicación estratéxico, sobre todo de comunicación interior. Mire vostede, permitiron vostedes sen *rechistar* que se ampliara a peaxe 25 anos máis. Parece que van permitir sen *rechistar* que se venda despois de face-la ampliación da

peaxe, señor presidente. O que lle pedimos é que vaia a Madrid e que negocie co presidente do Goberno de España que a recadación, os recursos que procedan desa venda, se invistan no noso país, e que se invistan precisamente en liberar de peaxe o contorno das cidades de Vigo e A Coruña e en reducir de forma programada e paulatina o resto das peaxes no conxunto da autoestrada, señor presidente. Penso que non é moito pedir, e que non é moito, señor presidente, que vostede lle esixa estas cousas ó presidente do Goberno de España, porque vostede sabe que tódolos galegos, con respecto a esa autoestrada, fixemos un esforzo ben considerable, e xa é hora de que nolo devolvan.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente.

Señorías, hoxe os medios de comunicación anunciaban que o crecemento económico de Galicia está por debaixo do crecemento económico do Estado. Non é unha novidade, onte o señor Pérez Touriño, na súa intervención, ofreceu datos suficientes —que non foron, como non podía ser doutro xeito, contestados nin rexeitados polo presidente da Xunta— que amosan unha situación de debilidade, unha situación de inferioridade da economía galega diante da economía do Estado, e non só como se acaba de lembrar aquí polo señor Rego porque a maior parte das familias galegas carezan no momento actual da posibilidade de aforro e se vexan con serios impedimentos, con serios atrancos, cando teñen que facer calquera gasto extraordinario e necesario; non só porque as rendas e salarios en Galicia estean 15 puntos por baixo das rendas e dos salarios do Estado; non só porque o noso IPC estea por riba do Estado mentres o crecemento económico está por baixo, e non só porque os servizos de benestar en Galicia estean no final dos indicadores do Estado español.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta un conxunto de medidas amplas, diversas, que teñen un denominador común, o mesmo que tiña onte na súa intervención o señor Pérez Touriño. O denominador común é estar dirixidas directamente ás necesidades das persoas, ás necesidades

das familias. Non son medidas retóricas, non son grandes construcións teóricas, son medidas que van directamente a onde o necesitan os cidadáns deste país, a estimula-la situación económica, a mellora-los servizos de benestar e a rematar cos atrancos e as diferencias que existen no momento actual na sociedade galega. Ese é o denominador común dese conxunto de medidas que vostedes coñecen xa no seu texto literal, e por tanto só subliñarei algunhas delas.

En primeiro lugar, as que van dirixidas á satisfacción das necesidades básicas, e, loxicamente, a primeira das necesidades básicas é a sanidade. Pois ben, en sanidade, señor Fraga, propoñémoslle cousas ben concretas, cousas ben asumibles. A primeira, a máis sinxela de todas e a que máis lles preocupa ós cidadáns deste país: rematar coas listas de espera de inmediato. Unha medida que se pode facer só cun gasto de 21 millóns de euros; unha cifra menor no conxunto do gasto sanitario galego, unha cifra menor no conxunto do investimento da Xunta de Galicia e unha cifra moi baixa en comparación co gasto suntuario da propia Xunta de Galicia, co gasto en subvencións, co gasto non productivo dos orzamentos do Estado. Soamente 21 millóns de euros para rematar coa maior lacra do sistema sanitario galego: as listas de espera; o que xa se fixo noutras comunidades autónomas.

Ontes dicía o señor Fraga que calquera persoa nunha lista de espera podía acceder a través de internet e comprobar cál era a súa situación e canto lle custaba en tempo para ter satisfacción do seu mal, da súa doenza. Pois engada, xunto a esa relación en internet para cada un deses cidadáns, canto custaría rematar con esa lista de espera. Poñan ó lado que 21 millóns de euros, que vostedes probablemente non van querer abordar, é unha cifra menor en relación co gasto non productivo, co gasto suntuario, coas subvencións clientelares e con outras moitas cousas do orzamento que son perfectamente reconducibles. Poñan ó lado esa información para cando eses cidadáns accedan a esa páxina en internet. Claro que primeiro haberá que facer que internet sexa máis accesible do que o é hoxe en día.

Dentro da política sanitaria, dentro desa primeira necesidade básica, señor conselleiro de Sanidade, propoñemos medidas para incrementa-lo tempo de atención directa ós usuarios en atención primaria. O lugar básico, o lugar primeiro ó que acoden os cidadáns, o ambulatorio, o centro de atención primaria, ¿saben vostedes, señorías —se é que son

usuarios deses servicios de atención primaria, se non o saben é porque non son usuarios—, canto tempo atenden de media os médicos ós pacientes no momento actual? Por debaixo dos tres minutos, señor Fraga. Por debaixo dos tres minutos é o tempo de atención ós usuarios máis necesitados, ós que acoden directamente á atención primaria; e tres minutos de media, porque ben me lembraba o señor Cerviño que no pasado verán en moitos puntos de Galicia non chegaron a un minuto de media de asistencia, o que mesmo provocou queixas públicas dos profesionais dos servicios sanitarios. E esa medida tan simple, como é ofrecer a cada usuario dez minutos de atención, ten un custo aínda máis baixo que o anterior: 10 millóns de euros, señor conselleiro de Sanidade; unha cifra menor que vostede debería de estar en condicións de ofrecer e, sobre todo, preocupado por ofrecer.

Propoñemos tamén a xeneralización da asistencia psiquiátrica —en asistencia psiquiátrica hai cifras escandalosamente baixas en toda a Comunidade Autónoma galega—, medidas para atender a colectivos en situacións de risco, como son os embarazos non desexados e o control do gasto farmacéutico, que, segundo se anunciaba en interesantes artigos hai días pasados, levará este ritmo crecente á paralización da asistencia sanitaria.

Segunda gran rúbrica das políticas de benestar: políticas de ensino. Poucas medidas e ben concretas. Primeira, por suposto, coma sempre, como unha constante neste grupo: incrementa-lo gasto en capital humano. Primeira medida, señor Fraga, para que poida ser viable esa igualdade de oportunidades: incrementa-lo número de bolseiros. Hai seis anos que goberna en España o Partido Popular, son seis anos continuados de minoración do número de bolseiros no Estado español e en Galicia; de minoración do número e de minoración do orzamento en bolsas. Os que máis o necesitan son os primeiros que son eliminados. Hai días teñen falado os medios de comunicación dabondo desta situación, e propoñemos que o gasto e o número de bolseiros se multiplique por 2,5; é dicir, que se iguallen ós parámetros da Unión Europea, algo inevitable se queremos que realmente os nosos estudantes poidan competir en igualdade de oportunidades. E pola mesma razón propoñemos que o gasto en universidades —que onte foi cuantificado por vostede— siga medrando exactamente nun 50%, que é o que nos separa da media dos países comunitarios: o 50%, ¡nada menos que o 50%!

Máis medidas no ensino, medidas puntuais para melloralo ensino e a igualdade de oportunidades. Son simples: máis horas para os que máis o necesitan, é dicir, para os que teñen risco de fracaso; máis idiomas para todos, e, sobre todo, máis posibilidades de estudar noutros idiomas. Señor Fraga, vostede falou onte aquí do Reino Unido, ¿como é posible que o seu Goberno teña prohibido literalmente que en Galicia se poida estudar nun idioma estranxeiro? Somos un caso raro no Estado español —non poñan cara de sorpresa—, non se pode porque o Goberno galego o ten prohibido; por omisión, evidentemente, pero teno prohibido.

Propoñemos medidas para incrementa-lo gasto corrente nos centros de ensino, e non o que se intenta facer a partir deste ano como anuncia o titular da consellería: “minoralo”; e máis oferta en políticas educativas, oferta de ensinanza para as persoas adultas, oferta de ensINANZAS artísticas, que non existen ó día de hoxe en Galicia, etc.

E propoñemos máis medidas para a igualdade de oportunidades. Da primeira parece que hoxe todos imos falar dela: a gratuidade dos libros de texto, do material educativo; a gratuidade, non a experimentación sobre a gratuidade, non as cifras simbólicas que figuran no orzamento, senón a gratuidade total, absoluta e plena como está conseguida, por exemplo, en Castela-A Mancha, en Aragón e nalgunha comunidade máis. Unha gratuidade que custa exactamente, nas condicións máximas para o ano 2003, 28 millóns de euros.

Señor presidente, os 28 millóns de euros hai que poñelos en relación co gasto que se dedica a instalacións probablemente prescindibles, de carácter suntuario ou de carácter megalómano que están a ter lugar. Se existen os cartos para esas instalacións, previamente deberían existir para facer posible a igualdade de oportunidades, non os experimentos sobre a igualdade de oportunidades que temos lido por aí nalgún documento. Falamos de 28 millóns de euros para que os estudantes galegos poidan estar como están os de Toledo, os de Guadalajara e os de sitios así. Se alí poden, ¿por que en Galicia non é posible?, ¿por que hai que manter ese gasto suntuario non productivo?, ¿por que hai que permitir que o gasto se destine a campañas publicitarias ou a axudar a que a conselleira que aspira a ser alcaldesa poida face-la súa campaña con cartos públicos, etc.? ¿É ese o significado de prohibir estas medidas?

Igualdade de oportunidades e, por tanto, tamén respecto ós dereitos das minorías: escolarización en igualdade de oportunidades; igualdade de oportunidades para os inmigrantes, que non a teñen; respecto á pluralidade ideolóxica desas persoas; respecto ós alumnos, que están carentes dalgúns dereitos básicos nunha sociedade democrática, etc. Para todo iso teñen vostedes aí detalladas un conxunto de medidas.

Terceira gran rúbrica: medidas de apoio ás familias. E cuantificámolas para que non sexa retórica: 20.000 prazas en ensino infantil, señora Besteiro, non cheques que substitúen e lembran e igualan a vella política do Auxilio Social. Centros que fagan posible a atención sistemática e de calidade ás persoas, 100% de atención ás persoas que están en situación de gran dependencia, 16.000 axudas a domicilio, 2.000 novas prazas de residencia asistida, 20.000 teleasistencias –señora Porro, tamén é para vostede–. Son os departamentos que deberían de estar a face-lo necesario para a igualdade das persoas, para a igualdade de benestar e, sobre todo, para a igualdade cos cidadáns doutros territorios do Estado español que conseguiron isto e que non se pode substituír exclusivamente por medidas dirixidas á galería. E, dende logo, mellores e cambios na Lei de conciliación para facer posible aínda máis esa conciliación que non chega a ser suficiente, e cambios na igualdade de oportunidades. Existe na Xunta de Galicia nada menos que un organismo autónomo que ten como única misión esa igualdade. Pois para que se faga o que ata o de agora non se fixo, propoñémollsle un amplo repertorio de conductas e de medidas que permitirían non resolver pero si, dende logo, mellorar notablemente a situación actual.

Medidas para as familias, política de vivenda: 25.000 novas vivendas. Cando a terceira parte dos empregados galegos –dos empregados, que son menos cós desocupados– necesita acceder a unha vivenda e está subsistindo con salarios precarios, con contratos temporais, nas peores condicións posibles, ¿que máis ten para ese colectivo que agora mesmo o Mibor e o Euribor estean baixos?, ¿que máis ten que agora mesmo os prezos das hipotecas sexan razoablemente máis baixos que hai uns anos, cando o custo da vivenda é moitísimo máis elevado?, ¿como, logo, se vai procurar que exista unha política de incentivación demográfica se non existen as características básicas, que é a capacidade de ser autónomo laboralmente, que é a capacidade de establecerse por conta propia e de acceder a unha vivenda de aluguer ou de propiedade en condicións razoables?

Nada diso se está a facer agora mesmo na Comunidade Autónoma. Propoñemos esas 25.000 vivendas e unha política que permita que un 40% das vivendas de promoción vaian dirixidas a mozos, a familias monoparentais e a outros colectivos en situacións de menor autonomía económica en réxime de aluguer. Teñen aí tamén vostedes un amplo desenvolvemento destas medidas.

Medidas dirixidas á economía e ó benestar das persoas, que teñen relación, por exemplo, coa necesidade de revisalo modelo de Sogama polos custos indirectos que vai ter, que teñen relación coa necesidade de afronta-la política de seguridade en Galicia.

Na Memoria da Fiscalía rexístrase un 2,8% de incremento dos delitos. Cómpre implantar un novo modelo policial e dotar de infraestruturas suficientes o mundo xudicial. E medidas, sobre todo, relacionadas coa creación de emprego, diálogo social e estabilidade no emprego, que significa mellora na cantidade, mellora na calidade e políticas activas. A señora titular da Consellería de Familia dedica neste momento o 0,58% do orzamento galego a estas políticas, é dicir, practicamente a metade da media europea, ¡a metade! Estamos con cheques, non temos garderías, non temos atención ás persoas maiores e por riba tampouco fomentamos que exista unha política de promoción económica –un minuto, señor presidente, e remato–. Son, por tanto, un conxunto de medidas que van dirixidas á creación dunha cidadanía moderna, dunha cidadanía non dependente das esmolos, dos cheques, das subvencións, das axudas clientelares. Son medidas que van dirixidas á creación de cidadáns con autonomía laboral, con autonomía salarial, cos recursos suficientes procedentes dos servizos públicos para aquelas persoas que están en situación de dependencia. Medidas que perseguen que esa independencia laboral e salarial permita o exercicio da solidariedade consciente e permita, sobre todo, o impulso da vida económica e o desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e máis igualitaria entre nós.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o señor representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, empezarei esta miña intervención para defender as propostas de resolución do BNG cun siloxismo, coido que *modus tollendo tollens*, dúas premisas e unha conclusión. Primeira premisa: o Goberno galego, a Xunta, o seu presidente, para exercer como tal ten que defender prioritariamente os intereses de Galicia. Segunda premisa ou proposición: os intereses de Galicia non están ben defendidos. Conclusión: logo a Xunta e o seu presidente non exercen ben como Goberno galego.

A primeira das premisas está na lexislación, no Estatuto. A segunda, a de que os intereses de Galicia non están ben defendidos, penso que onte, con base en seis vectores fundamentais, sustentouna argumentalmente o noso portavoz. E, xa que logo, como corolario, virán hoxe as nosas propostas de resolución, que van solicitar unha modificación notable, significativa, substancial; é dicir, que van á substancia mesma de cómo se exerce o goberno nas políticas fundamentais que se están a desenvolver.

As propostas de resolución que presenta o BNG aspiran a romper unha inercia, parten dunha posición que acredita no potencial do noso pobo, da súa sociedade, e pretenden converternos en suxeitos activos da construción do noso proxecto colectivo e corrixir a evolución das cousas modificando a derrota, e utilizo ese termo –como xa outras veces teño feito– nos dous sentidos que pode ter: como denotación dunha actitude e como rumbo. Convén, xa que logo, corrixir a actitude e o rumbo. E cando falamos de inercia que hai que modificar é porque partimos de que a acción de goberno se pode definir cunha única palabra: “rutina”, que encobre ou agacha múltiples matices. Pero pensamos –e vouno explicar na miña intervención– que a rutina é a característica fundamental para definir a acción de goberno neste ano e acumulativamente sobre os doce anteriores tamén.

A rutina en política sempre é mala, pero para un país como Galicia, que o que precisa son decisións, iniciativa e forte determinación para mover a inercia, a rutina na acción de goberno pode acabar convertendo o país no paxaro ao que se lle van atrofiando as ás e ten cada vez máis dificultades para remontar o voo.

Os principios da física, da inercia como forza que tende a conservar o estado no que están os corpos, dinnos que é

necesaria unha forza, unha iniciativa, un motor, para modificar a inercia. Iso é o que pretenden as nosas propostas de resolución: actuar con iniciativa, converter a Xunta en motor, converter as institucións galegas no corazón que transmita o sangue a todas as extremidades deste país e que converta o noso país nun corpo vivo, nun corpo actuante. A rutina para un país coma o noso é un auténtico problema, porque nos tres eidos fundamentais aos que podíamos referirnos que circunscriben a acción política, o que necesitamos son precisamente iniciativas e non rutina.

No terreo da inserción no Estado e en Europa a rutina significa dar por boa e resignarse ante unha situación que vén caracterizada polo escaso peso político e todas as derivacións que iso comporta. Situación estrutural que mesmo nós podemos aceptar que non é produto de ningunha maldade intrínseca de réximes ou gobernos anteriores, que seguramente é produto da configuración das clases do noso país no pasado e da incardinación histórica, de cómo se produciu a inserción de Galicia no Estado, no que ten moito que ver, seguramente, o propio intercambio desigual e a apropiación do excedente. Pero, en calquera caso, a situación que vostedes herdaron cando chegaron ao Goberno era unha situación que non era satisfactoria, que non podía permitir instalar a un Goberno na rutina, en aceptar como boa a situación. E necesitaba que as institucións, que o propio Goberno, usaran os seus recursos e actuaran de catalizador como nas reaccións químicas para inverter o sentido das reaccións e conseguir que o noso país se convertera en motor actuante sobre o seu propio futuro.

No terreo no que somos nós os perfís máis definidores dun proxecto de país, a razón básica da nosa existencia ou unha das razóns básicas da nosa existencia como colectividade diferenciada, o idioma, a cultura, os sinais aos que o presidente se refería onte como sostidos basicamente polo pobo, non polos poderosos, ocultaba que a necesaria iniciativa para romper a rutina perigosa na que están hoxe inseridos non se producira na acción de goberno. No intre actual, cando a potencia e a penetración social dos medios de comunicación é tan importante, a inercia do Goberno de dar por boa a situación actual convértese nunha complicidade letal cun futuro nada satisfactorio se non corriximos as políticas como indican as propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego.

En trece anos de goberno, señor Fraga, ¿onde están hoxe os usos do galego na xustiza, no ensino, nos medios de

comunicación, nos rexistros, nos contratos, nos falantes, nos usos sociais? Dende logo, poñen de relevo que o problema da Xunta, buscando sempre desculpas para eludir a súa responsabilidade con cantilenas de imposición e bilingüismo, acaban converténdose en complicidade clamorosa. O problema a estas alturas –como tantas veces ten dito a nosa compañeira Pilar García Negro– non é de impoñer, é de poñer nos usos sociais o noso idioma.

E, por fin, no terceiro eido fundamental para a necesidade de aquilatar unha política que contemple o noso país como suxeito activo das súas decisións, o modelo de acumulación que identifique, potencie e poña en valor as nosas vantaxes comparativas, nese terreo, a rutina, o conformismo, conducirá e está a conducir á cada vez máis dificultosa perspectiva de acadar unha economía productiva, solvente e de futuro. Este ano, señor Fraga, señoras e señores deputados, señor presidente do Parlamento, acumulativamente aos doce anteriores a actuación do Goberno é rutineira, sen imaxinación e con escaso compromiso co país.

Sentemos algunhas premisas argumentativas que fundamentan as nosas propostas de resolución e que indican que é preciso producir un punto de inflexión, parada e fonda, señores deputados, e iniciar unha nova perspectiva en diversos aspectos que son os que reclaman as nosas propostas de resolución. Recoñecemos o que se ten feito, son doce anos de goberno, son cantidade de recursos inxentes os que se utilizaron; recoñecemos o que se fixo. Hai unha realidade distinta á do ano 1989, é certo, pero teñamos presente que esa non é a cuestión central que estamos a debater hoxe aquí. Cando unha pedra cae nun estanque as ondas chegan ata o final del, pero canto maior é a vibración no centro maior é a diferenza entre os balbucidos da periferia do estanque e as ondas do epicentro. Na periferia, se non hai dinámica propia, o crecemento, de existir, é reflexo.

O presidente falaba onte de que a súa xestión, como calquera obra humana, tiña luces e sombras. A cuestión é que só se fala das luces, e ademais sometidas a un telescopio amplificador de maior tamaño que o de *Roque dos muchachos*, e nunca se fai referencia ás sombras. ¿Paráronse vostedes a pensar que non houbo un problema identificado onte e a súa correspondente solución? Non houbo unha reflexión autocrítica, todo está ben, e ese é o problema fundamental de estar instalados na rutina. Todo son enumeracións e amplificacións

lumínicas para dicir que todo vai ben. A cuestión, dicimos nós, non é se se teñen feito cousas; que, claro, insistimos en que recoñecemos que se teñen feito, pero a cuestión é: ¿cabería outra política?, ¿cabería incluso noutros sectores unha política porque non hai ningunha?, ¿cabería outra administración dos recursos? O resultado, comparativamente, ¿podería ser mellor?

Esas son as respostas que en política hai que proporcionar, porque estamos falando de utilización de recursos, de contornos, e temos que saber se fomos capaces de facer todo o que era posible ou se en realidade estivemos instalados nunha posición conformista. E, dende logo, o conformismo, a indolencia na acción de goberno, nós propoñemos corrixislos. Indicamos un camiño distinto en diversos sectores coas nosas propostas de resolución. Unha realidade, dende logo, a que hoxe coñecemos, que contrasta co soño que habitualmente se nos presenta por parte da Xunta, e ao que onte o señor presidente tamén fixo unha alusión ben directa. Eu non vou referirme á película de Wody Allen *Soños dun seductor*, pero si poderíamos falar, no caso da Xunta, de “soños dunha confesada impotencia política”.

Non serven datos absolutos, en política non son eses os datos que hai que utilizar. Precisamos datos comparativos, e para nós non serve, ademais, comparar allos con cebolas. É frecuente que por parte da Xunta se utilicen os indicadores socioeconómicos que elaboran institutos de ámbito estatal como válidos para o Estado, pero aquí en Galiza compáranse cos indicadores que elabora o Instituto Galego de Estatística. Nós o único que dicimos é que o Instituto Galego de Estatística non elabora prospeccións para todo o Estado, eses son os organismos de carácter estatal de tipo público ou privado. Polo tanto, os indicadores que hai que estudar para comparar a realidade galega coa realidade do Estado son os indicadores que fan proxeccións argumentadas e demoscópicas sobre todo o territorio do Estado. E aí, señoras e señores deputados, vostedes danos por bos cando os comparan co Instituto Galego de Estatística para facer esas comparacións, e aí os públicos e os privados non deixan ningún xénero de dúbidas.

Analicen incluso os anos que presentan como mellores da xestión, do ano 1995 ó 2001. En demografía o panorama é sombrío para as futuras xeracións de galegos e galegas. O noso peso relativo no Estado descendeu o 5% neses seis anos. En emprego pasamos do 7,31 ó 6,84; no PIB do 5,62 ó 5,50; e iso diminuíndo a poboación, é dicir, aínda tendo un

denominador moito máis favorable. Na renda familiar dispoñible, na situación do emprego, aínda temos que comprobar como mulleres e homes galegos novos teñen que emigrar por non conseguir un traballo digno a día de hoxe no noso país. E temos que comprobar aínda que os nosos indicadores de paro están dando as cifras por riba dos indicadores doutras comunidades e da media estatal. Esta é a realidade, e, aínda que puidesemos discutir estatisticamente os datos, non hai máis que preguntarlles ós nosos homes e mulleres onde están os seus salarios comparativamente coa media, onde están as súas pensións, onde está a súa situación, que nós propoñemos modificar nas nosas propostas de resolución: os salarios, o emprego, as condicións de vida e as expectativas dos nosos labregos e mariñeiros, os escasos empregos dignos, as desiguais condicións do acceso ó traballo das mulleres, a deterioración da sanidade e do ensino público, e a situación do territorio que se bautizou polo señor Cuíña como “feísmo”. Trece anos despois de gobernar, a responsabilidade de todo o que vemos cando circulamos polo noso país seica é dos paisanos e dos concellos, a Consellería de Ordenación do Territorio nada ten que ver con iso que observamos todos.

Con este panorama que os datos avalan, señoras e señores deputados, ter unha actitude rutineira, conformista, indolente para non modificar as cousas, significa ademais acreditar pouco no potencial do país. O noso país dá para moito máis con outra dirección política, con outras iniciativas. Vexan vostedes con cariño as propostas de resolución que ofrece o Bloque Nacionalista Galego, e aí, como cos vectores que tamén indicou onte o noso portavoz, terán as claves para modificar os comportamentos da acción de goberno. Non me cabe dúbida de que a rutina, señoras e señores deputados, é boa para o Partido Popular, pero en termos históricos non é boa para o país. A vostedes vailles ben con esa instalación política rutineira no poder, pero os datos indican que a Galiza non. Viven na opulencia dos votos do presente, é certo, e nós recoñecémolo, e xa se encargan vostedes frecuentemente de pasárnolo polos fociños, pero o problema é que o país o está pagando con atrasos históricos. A sensibilidade, o compromiso co país, debería facer pensar a políticos que xa gozaron do poder trece anos, se o máis importante é seguir na rutina porque dá éxito electoral –e, insistimos, recoñecémolo– ou merece a pena arriscar algo, comprometerse co país e poñerse en serio mans á obra a construílo usando os recursos do poder.

A política en Galiza precisa unha sintonía entre as institucións e a sociedade, e niso traballa o Bloque Nacionalista Galego, e sobre todo unha actitude de non resignación e conformismo, non de administrar o que hai senón de poñer en valor o potencial e facer saír á luz a música que se pode producir na nosa sociedade, na base material, se se interpreta dende o poder a partitura adecuada. As nosas propostas de resolución, señoras e señores deputados, pretenden poñer enriba da mesa a superación do papel da Xunta como unha enorme xestoría administrativa e responder con altura de miras e decisión política as preguntas máis elementais que se formulan hoxe os cidadáns galegos e que a Xunta como Goberno, co seu presidente, tería que abordar dende hai tempo.

Nós mesmo chegamos a preguntarnos se a instalación nesta rutina levaría a que moita xente preguntase se a Xunta como Goberno é útil ou se a desaparición do Goberno e que funcionaran os funcionarios en San Caetano despachando os expedientes produciría un resultado similar. Nós pensamos que se existira un goberno que funcionara como tal, o resultado tería que ser outro.

E aínda podemos corrixir a derrota se implementamos políticas na dirección que reclama o Bloque respondendo a esas preguntas que se formulan hoxe os cidadáns do noso país: ¿para cando a nosa renda per cápita igual á da media do Estado? Aí teñen vostedes propostas de resolución que significan definir un modelo de acumulación, potenciar as nosas vantaxes comparativas, actuar nas nosas especializacións productivas, estruturar unha acción política de emprego con atención especial aos mozos e ás mulleres. Nas nosas propostas de resolución vostedes atoparán moitas iniciativas nesa dirección.

Outra pregunta: ¿para cando os nosos salarios, as nosas pensións, os nosos indicadores de paro situados nunha órbita de corrixir as súas desvantaxes coa media do Estado e de Europa? Iso significa actuar hoxe para establecer un deseño político industrial que complete os ciclos productivos, unha política de emprego de calidade con atención aos colectivos –como dicía antes– como mulleres e mozos. Miren vostedes as propostas de resolución do Bloque e terán unha batería de ideas nese sentido.

¿Para cando a modificación significativa das tendencias demográficas? Responder a esa pregunta, señoras e señores

deputados, é responder con eficacia, con realismo pero, ao mesmo tempo, con compromiso de que se está xogando o futuro do noso país, porque se carecemos de habitantes no noso país, se seguen as tendencias demográficas, iso é o que está en cuestión para o futuro. Verán que se necesitan propostas de resolución na vivenda, no acceso ao traballo, na conciliación da vida laboral e familiar, na estruturación do ensino e a sanidade, nos transportes, nas infraestruturas e no equilibrio territorial. Analicen as propostas de resolución do Bloque e encontrarán respostas en todos eses eidos da acción de goberno.

¿Para cando un compromiso real cos sinais de identidade que son a base substantiva da nosa diversidade? En definitiva, ¿para cando un compromiso que incremente os usos sociais e públicos do galego na perspectiva da súa normalización? Iso require marcar horizontes, cumprir a lei, temporalizar e marcarse obxectivos concretos. E aí, nas propostas de resolución do Bloque, atoparán tamén respostas a esa pregunta: ¿Para cando unha economía solvente, con futuro, autocentrada e non dependente de ningún tipo de subvencións? Nós acreditamos no potencial do noso país e estamos convencidos de que é posible xerar unha economía solvente e con futuro. Iso significa actuar na base productiva, poñer en valor os nosos recursos, establecer e impulsar os complexos industriais, os complexos agro-industria, os complexos pesca-industria, aproveitar para crear valor engadido nas nosas producións excedentarias. Teñen nese terreo tamén unha cantidade importante de propostas de resolución.

Señoras e señores deputados, ¿para cando unha auténtica igualdade de oportunidades que asegure que todos os cidadáns, sen depender da súa orixe social, poidan ter a capacidade de inserirse na sociedade coas mesmas oportunidades, que non haxa discriminacións por razóns de xénero, asumir plenamente que o Estado do benestar é unha obriga que se debe mellorar día a día e non petardear para impoñer un modelo ideolóxico no que se pretende introducir o lucro na sanidade, a clasificación social no ensino e a moralina barata nas relacións familiares? Analicen as nosas propostas de resolución e verán cómo hai moitos mecanismos, moitas iniciativas, para corrixir o rumbo.

Respecto do país, da acción de Goberno e do exercicio do poder, señoras e señores deputados, pretendemos corrixir

unha actitude que é frecuente na Xunta e que onte se volveu facer patente no discurso do presidente: o conformismo, a complicidade coa situación, o estar sempre dispostos a xustificar decisións políticas aínda que signifiquen atentados serios contra intereses galegos, contra competencias galegas, ou poñer sempre impedimentos para que poidamos defender os nosos intereses acadamente.

No plano institucional isto é moi evidente. Sempre triunfalismo, sempre presumindo e sempre xustificando, pero cunha actitude que cae polo seu propio peso. Fíxense vostedes. Eu repasei todas as competencias que ten transferidas a Xunta das que presumen habitualmente os conselleiros. É posible que me escapara algunha. Pero penso que non hai nin unha soa competencia na que Galiza fora a primeira comunidade na que fose transferida esa capacidade competencial; sempre estivemos a velas vir, sempre a iniciativa dependeu doutros, e iso traduce unha actitude de indolencia, de falta de compromiso. E nesa situación o que non é de recibo é a xustificación permanente de que o que se fai fóra sempre está ben.

Onte o señor presidente aducía a lealdade constitucional para intentar xustificar que non se avance na capacidade de decisión política de Galiza, para non cambiar a perspectiva. Nós temos que recordar aquí, en primeiro lugar, que outros estatutos de comunidades que non son históricas xa foron modificados no Estado español. Nin sequera o ámbito político é xustificación. A Constitución e o Estatuto, en ámbitos similares, analizáronse, discutíronse e aprobáronse. Só é desculpa para quen non quere asumir responsablemente a realidade de que é goberno dun país e que ten que cambiar de actitude e de perspectiva. O autogoberno non é un slogan, señoras e señores deputados, é un proceso dinámico que se exerce todos os días, defendendo as nosas competencias cando son invadidas; tamén coa lei de calidade, que aquí negaron os dous grupos da Cámara, intentando presentar unha volta atrás dese texto porque invade competencias galegas; cando se reclaman máis competencias que están no Estatuto e non son hoxe efectivas; cando se reclama un exercicio das competencias exclusivas leal constitucionalmente, que non invadan competencias exclusivas e lexislación básica do Estado; cando se reclama que o árbitro que regula a situación competencial, o Tribunal Constitucional, non só pode ser nomeado por unha parte, por un dos poderes que está en xogo ou por unha parte deses poderes, que é o Lexis-

lativo, ou participar no seu nomeamento o Lexislativo do Estado español; cando se reclama unha participación real e efectiva nos plans económicos que nos afectan. Iso é exercer o autogoberno, como o Bloque leva reclamando nesta Cámara dende hai doce ou trece anos, dende que accedemos a ela; o exercicio das competencias, o desenvolvemento a través do artigo 152. E atopamos frecuentemente a oposición dos deputados e deputadas deste Parlamento que non son do noso grupo.

Pretendemos modificar a perspectiva nun proceso dialéctico, inverter a dialéctica; que a cabeza se sitúe pensando no noso país, e a partir de aí que exerzamos unha iniciativa que nos permita acadar hoxe o máximo rango competencial, e que paralelamente a iso nos leve tamén a unha reforma en profundidade do marco actual. O que non pode ser é utilizar desculpas para impedir que o que é posible executar hoxe, se existira vontade política, se someta a dilacións *sine die* por desculpas que non veñen a conto.

O mesmo ocorre coa presenza en Europa. Onte atopámoslle a desculpa ao presidente de que é complexo o problema, e nós somos os primeiros en recoñecer que a inserción de Galiza nos órganos decisorios da Unión Europea, formando parte da delegación do Estado, pero participando Galiza nela, é complexo; por iso elaboramos unha proposta que ten en conta esa complexidade e que baixa ao terreo do concreto. Pero situámonos deste lado da barreira para negociar cos demais, non lles proporcionamos argumentos aos demais para facer inviable que agora que se vai reformar a política agraria, que se vai reformar a política común de pesca e que neses dous sectores Galiza é quen ten que falar –polo menos na delegación do Estado–, teñamos garantida unha presenza. ¿Cal é a desculpa para impedir esa presenza? Non a podemos entender en clave galega, en clave de Goberno galego. Afrontemos a complexidade, pero cambiando a perspectiva, colocándonos na perspectiva de ser Goberno galego.

Señoras e señores deputados, esas son as propostas de resolución que nós lles propoñemos. Unhas propostas que reclaman un compromiso co país. Onte asistimos incluso a unha argumentación recorrente que está presente nesta Cámara, ás veces para exculpar discursos entre o PP e o PSOE de responsabilizarse mutuamente sobre quen lle fixo máis dano a Galiza, quen a prexudicou máis cando estaban uns ou outros no Goberno. (*Risos do señor Pita Varela.*) Nós,

dende logo, non temos a quen colocarlle a medalla, temos dúbidas. Pero o que é certo e que quen goberna hoxe no Estado español é o Partido Popular, quen goberna na Xunta é o Partido Popular, e trece anos de xestión de goberno, señor Pita –que xa vexo que se alporiza (*Risos.*)– son moitos anos, e cando ademais neses trece anos de goberno a dieta á que se someteu a sociedade é rutineiramente a mesma, trece anos de xestión poden converterse nunha auténtica indigestión. E xa sabemos que, cando hai indigestión, convén cambiar a dieta. Nas propostas de resolución do Bloque hai unha dieta equilibrada e, dende logo, moi rica en produtos do país.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, este grupo, señor presidente, procurará face-las propostas máis coa cabeza que co estómago.

As 46 propostas de resolución que como vostedes moi ben poden imaxinar nacen fundamentalmente do discurso pronunciado polo señor presidente da Xunta de Galicia onte nesta Cámara nacen do seu espírito, nacen da letra dese mesmo discurso, nacen tamén das propostas programáticas que o partido do que formamos parte as mulleres e os homes da maioría desta Cámara lles presentou como contrato electoral ás galegas e ós galegos hai ben poucas datas, e nace moi especialmente incardinada cos proxectos e, sobre todo, señores da oposición, coa acción do Goberno da Xunta de Galicia.

E, efectivamente, teñen unha vocación moi clara, é unha vocación a favor do país, que é o mesmo que dicir a favor dos cidadáns; é dicir, non cara a dentro, non para consumo interno, senón para os que habitan no país. Dende logo, e dito con toda humildade pero con toda contundencia, están pensadas para o benestar das mulleres e dos homes de Galicia e, evidentemente, señoras e señores deputados, cunha clara vocación de futuro, do que ten que pasar no país, do que ten que acontecer no país.

Efectivamente, señor presidente, a primeira das propostas, a que está numerada como primeira delas, é a proposta marco que dá corpo e que dá sentido a tódalas que están aquí, á acción do Goberno e ós discursos que este grupo parlamentario pronuncia nesta Cámara.

A primeira das propostas quere dicir que o Grupo Parlamentario Popular está convencido de que o marco de desenvolvemento neste momento para o país e no futuro próximo, no futuro inmediato, é o marco do Estatuto de autonomía de Galicia. Cremos que o marco de desenvolvemento do país, de traballo do país, é o marco da Constitución.

Dicía o presidente Fraga onte que os sonhos de Galicia están no Estatuto, e que o desenvolvemento do país está nel, e especialmente, señores nacionalistas, créannos, estamos convencidos de que ese é o lugar no que se producen os debates, o lugar no que se produce a concordia e o lugar –con tódalas ambicións que despois poñeremos– no que se escenifica o futuro.

O primeiro parágrafo –e permítame que o lea, señor presidente– desta proposta de resolución di: “A Xunta promoverá o desenvolvemento pleno do Estatuto naquelas competencias estatutarias aínda non traspasadas”. E, señor presidente, di: “...en todas aquelas materias que á luz dos cambios lexislativos e sociais resulten competencia autonómica, acadándose así o máximo de autogoberno dentro da Constitución e do Estatuto”.

Dicía o presidente que en Galicia hai consenso sociolóxico en relación co Estatuto, e paréceme que pode haber moito de certo nisto, e paréceme que hai moitos parlamentarios que non son da maioría que están de acordo con esta interpretación.

Pero no segundo parágrafo, señores da oposición, dicimos: “Impulsar unha reforma consensuada do Senado de modo que actúe como verdadeira cámara de representación territorial e de integración das distintas comunidades autónomas”. E recordámo-lo discurso de onte, no que o presidente dicía que o Senado debe ser un lugar de diálogo permanente e de equilibrio constitucional.

Por último, no terceiro dos parágrafos desta proposta de resolución dicimos que queremos impulsa-lo funcionamento axeitado de todos aqueles foros que como o Consello Económico e Social permitan mellora-la adecuación da vontade

estatal ó conxunto dos intereses lexítimos das diversas comunidades e de todos aqueles mecanismos de cooperación interadministrativa, bilaterais ou multilaterais, que, como a xa proposta por este Parlamento –recorden as súas señorías– Conferencia de Presidentes Autonómicos, permitan perfecciona-la cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, e, por suposto, de estas entre si. Esta resolución, señor presidente, é unha resolución racional, é unha resolución sensata e, sobre todo, señoras e señores deputados, é unha resolución –será cando se aprobe– posible. Esta é a arte que esta Cámara ten que interpretar.

Por certo que escoitabamos expresións dende as bancadas da oposición, dende as bancadas do Bloque, de rutina. ¿É esta unha proposta de rutina, señoras e señores deputados? ¿Pódese afirmar que esta é unha proposta de rutina falando seriamente?

Nós estamos nas políticas de continuidade que lle permiten avanzar ó país. Pero é que precisamente, como o país avanza, os electores piden continuidade nas mulleres e nos homes e na acción de goberno. Continuidade é un termo antitético ó termo de rutina.

Estamos, señor Suárez Canal, e esta proposta está, na mellora progresiva das condicións de vida no país. ¿Acaso a aposta do Goberno polas novas tecnoloxías considera a súa señoría que é unha proposta rutineira, unha acción de goberno rutineira? Cando se empezan a desenvolver políticas familiares que non se desenvolvían en ningún lugar do Estado, ¿pode vostede cualificar iso como acción rutineira? Desenvolver, poñer en marcha unha carteira de Medio Ambiente, cando non son políticas que se dean noutros pagos, ¿considera a súa señoría que é unha política rutineira? Unha administración informatizada moitísimo antes que outras administracións do contorno, ¿considera tamén a súa señoría que é unha política rutineira?

¿Como se pode dicir seriamente, señor presidente, que cando o presidente do Goberno de Galicia fai propostas antes ca ninguén no país, que son seguidas, debatidas e discutidas por líderes rexionais e por líderes estatais, se está falando de políticas de rutina? A proposta de reforma do Senado, que é unha proposta pioneira, primeira antes que todas, ¿considera a súa señoría que é unha proposta de rutina? ¿Acaso a proposta demográfica –que vostede utiliza como lle interesa agora– é unha proposta, por ser de vangar-

da, de rutina? ¿Como seriamente, señor Suárez Canal, cun mínimo rigor, se poden cualificar estas políticas que citei, e moitas outras, de políticas de rutina?

Señor Suárez Canal, se de rutina hai que cualificar algo, de sempre o mesmo, de “tun tun” e de “tan tan”, é a súa manía nestes debates de utiliza-la súa intervención para facer unha disputa dialéctica co seu portavoz, acto rutineiro ó que nos ten acostumados cada vez que se produce un debate coma este. E, por certo —é simplemente unha opinión—, vostede queda bastante corto nese intento.

Despois desta proposta marco, señor presidente, a primeira delas, o Grupo Parlamentario Popular presenta catro propostas máis, da 2 á 5, que son unha aposta pola liberdade. Unha aposta pola liberdade en tanto en canto son propostas que pretenden apuntala-lo sistema educativo en Galicia, o coñecemento, e, dentro do coñecemento, a ensinanza significa un elemento clave para conseguir unha sociedade libre, unha sociedade ben formada.

Así, a proposta 2 plantexa un reto que non pode ser criticado se se le e se observa detidamente, o reto de conseguir poñer en marcha un plan, un programa, que nos permita coñecer cales son os medios necesarios, os mecanismos necesarios, para acadar libros de texto gratuitos para o ensino obrigatorio.

E —insisto—, señores socialistas, cunha lectura medianamente sosegada e sen condicionantes previos esta proposta debe ser unha proposta de asunción xeral. Dificilmente un se pode opoñer —insisto, señores do Grupo Socialista— a unha proposta deste calibre.

A terceira proposta nosa, do Grupo Popular, nesta materia, pretende un mellor coñecemento da lingua. E falabamos onte de que a lingua é un elemento de identidade básico. Propoñemo-la realización dun estudio sobre a competencia bilingüe dos escolares galegos ó final do ensino obrigatorio, avaliando a compensación oral e escrita, así como a produción oral e escrita en galego e en castelán.

Pero tamén queremos avalia-lo sistema educativo, ter unha avaliación exacta do sistema educativo, porque temos unha ambición, unha vocación, de mellora dese sistema. Repito, señoras e señores deputados, unha ambición de mellora dese sistema, unha ansia de perfeccionamento.

E a última das que facemos dentro deste epígrafe, que é básico para o discurso da maioría popular nesta Cámara, é o referido ó financiamento do ensino, no que dicimos que se debe preparar un decreto —pedimos que o Goberno prepare un decreto— no que se desenvolva a autonomía na xestión económica dos centros docentes non universitarios, porque entendemos que isto vai mellora-lo funcionamento deses centros e, polo tanto, vai incidir na calidade do ensino que se presta.

Pero hai máis de lingua, señoras e señores deputados. Saben ben que o presidente do Goberno lle deu especial importancia a este asunto e que este grupo parlamentario lle dá especial importancia a este asunto. Polo tanto, ademais da anteriormente citada, presentámo-la proposta de resolución número 46, que apuntala propostas para mellorar e para harmoniza-la situación do ensino da lingua galega en Galicia. Neste caso, señor presidente, insistindo na premisa que dicíamos, entendendo que a lingua é un elemento esencial da identidade do noso pobo e por esa aposta seguimos.

Reflectido o marco e, efectivamente, feita unha declaración con concrecións precisas para unha Galicia en liberdade, a aposta deste grupo parlamentario é unha aposta polo social. E seguro que as súas señorías da oposición nos axudan a que esa aposta o sexa aínda máis cando teñamos ocasión de escoitar —seguramente o faremos dentro dun instante— as propostas, en concreto, que nesta materia as súas señorías teñen e o que opinan das nosas.

Estou falando dunha aposta polo social. Hai 13 propostas das 46 que son estrictamente, concretamente, apostas pola saúde, apostas pola xente que ten dificultades, apostas polas mulleres que están en peor circunstancia, aposta polos que se estragan as veas en Galicia coas drogas. Esa aposta é unha aposta esencial. Foi esencial no discurso do presidente do Goberno e é esencial —insisto— nas propostas deste grupo parlamentario.

Dende logo, señor presidente, señoras e señores deputados, queremos acredita-lo noso compromiso cos máis necesitados. No aspecto sociosanitario, que é básico, pretendemos melloras na atención hospitalaria. Pero melloras na atención hospitalaria que nazan dunha radiografía real da situación, porque ultimamente esta Cámara se converte nun lugar ó que vimos referi-las nosas doenzas. Pero, señores da oposición,

eu mesmo –se queren que sigamos nesa tese– tiven un accidente neste mes de Nadal de certa gravidade. Acudín a un centro hospitalario público nunha ambulancia, fun atendido nese centro hospitalario público e recibín, a partir dese momento, cita para seis consultas de control pola gravidade do accidente. Nin foi un minuto de atención nin tiven que estar en ningunha lista das que vostedes contan, e, efectivamente, esa é unha casuística como as que vostedes plantexan.

A análise rigorosa do sistema público de saúde en Galicia é a análise media, do que vostedes foxen continuamente. Esa fuxida impídelle facer propostas que teñan que ver coa realidade, e teñen que ver máis coa súa ansia de demostrar que as cousas non funcionan. Trátase de que o que non funciona se poida mellorar, pero non de trabuca-la realidade.

Queremos melloras na información do usuario, e a proposta número 9 vai nesa liña. Na número 8 facemos propostas na calidade asistencial coas auditorías que aí suxerimos, e teñen as súas señorías ocasión de le-lo texto; na número 7, máis recursos para certas enfermidades; na número 11, máis oficinas de farmacia, neste caso en termos xerais; na número 13 máis atención farmacéutica nos centros de asistencia social; e, por último, a proposta número 12, que é unha proposta de especial importancia, finaliza-la reforma das urxencias extrahospitalarias de atención primaria completando o mapa de puntos de atención continuada no prazo máis breve posible; en calquera caso, antes, señoras e señores deputados –aquí o cita–, do 2003.

É dicir, o sistema está funcionando e o sistema pode funcionar mellor do que está funcionando. E é o esforzo do Goberno, a intención deste grupo parlamentario, apoiar nesa liña. Vostedes responderán ante o electorado de se están nesa actitude ou non están nesa actitude.

Son básicas para nós as propostas de resolución 14 e 15, porque son propostas que permiten seguir traballando como o estamos a facer, de forma intensa, na loita contra a droga como unha das lacras máis perigosas, máis nocivas, que ten a sociedade contemporánea.

Na proposta número 14 imos amplia-la carteira de servizos dos centros asistenciais da rede do Plan Galicia sobre drogas, incorporando protocolos específicos de intervención para determinados colectivos. Tamén ampliáremo-la cober-

tura da administración periférica de metadona incrementando os centros de saúde colaboradores nos programas de mantemento con derivados opiáceos, o que facilitará moitísimo o mal escenario que teñen estes enfermos.

A número 15, señor presidente, pretende avanzar nas posibilidades de inserción social e laboral de persoas afectadas polo consumo de drogas, establecendo unha rede de recursos do Plan Galicia sobre drogas e os itinerarios de inserción personalizados para drogodependencias en proceso de tratamento. É dicir, abrírlles unha porta ó futuro ós enfermos que están saíndo dese burato.

Na política asistencial queremos presentar unha serie de propostas que –insisto– son de enorme transcendencia para nós. Hai un claro compromiso cos máis necesitados, un evidente compromiso cos máis necesitados, por encima doutras consideracións.

A proposta número 19 é unha proposta de apoio ás mulleres vítimas de malos tratos. Queremos que o Goberno lles garanta ás mulleres que acrediten ter sufrido violencia doméstica o acceso de forma inmediata á renda activa de inserción, sempre que reúnan os demais requisitos que establece a normativa que a regula, como é evidente, e antes de que cheguen ó sexto mes de situación de desemprego, o acceso a un contrato de duración mínima, señoras e señores deputados, de doce meses. Isto é un compromiso real, non un compromiso rutineiro, un compromiso real con persoas que están nunha situación extraordinariamente débil. E ademais un compromiso no que todos podemos estar de acordo, non se están plantexando circunstancias artificiais.

Hai unha nova proposta de apoio ós maiores que é extraordinariamente importante, porque queremos que o Goberno realice os esforzos necesarios para coñece-la realidade das necesidades asistenciais dos maiores na comunidade, e aquí citamos moi especialmente a persoas con demencia, que viven nunha situación, eles e a súa familia, de extraordinaria dificultade. Queremos que no seu domicilio se mellore a coordinación entre os diferentes niveis asistenciais para que o diagnóstico destas demencias sexa o máis precoz posible e para que exista unha menor dependencia. Compromiso, señoras e señores deputados, cos maiores que teñen máis dificultades.

A proposta de resolución número 20 é unha proposta básica para solucionar un terceiro problema, para un terceiro grupo de persoas con enormes dificultades. Queremos abordar-la problemática das persoas que se atopan en situación de transeúntes e de carencia de vivenda, e especialmente en colaboración coas administracións locais das sete grandes cidades de Galicia, lugares nos que existe este problema de forma especial. Hai unha especial vocación –e moi especialmente hai que citalo– da conselleira responsable desta materia de abordar ese problema urbano, que é un problema xeral pero especialmente urbano, e esta proposta de resolución que presenta o grupo parlamentario vai nesa liña, penso que expresando claramente a vocación do Grupo Popular de compromiso cos máis necesitados.

Alguén dixo hai algúns anos que non había mellor política social que as políticas de emprego, e probablemente tiña razón. Dito en senso xeral coincidiremos todos en que probablemente tiña razón. E, por iso, neste epígrafe, non noutro, avanzamos, damos a coñecer á Cámara, que as propostas da 6 á 21 son propostas precisamente dirixidas neste camiño. Ou sexa, que non son soamente propostas asistenciais, que son básicas, propostas de investir cartos e programas coas xentes que teñen máis dificultades, senón de avanzar e de seguir apuntalando as políticas de creación de emprego. E vexan as súas señorías como na segunda delas, na 21, hai unha expresión clara de aposta polo diálogo social para acadar estes obxectivos; circunstancia esta que sei que as súas señorías saberán valorar na xusta medida.

Non podíamos deixar pasar nas propostas de resolución o problema da emigración, da emigración real, porque, señor presidente, cando un obreiro da construción do Porriño, por exemplo, que é encofrador e que ten unha boa situación no país, vai a Santa Cruz de Tenerife a traballar na construción porque lle pagan 600.000 pesetas netas ó mes, vostedes, especialmente vostede, señor Suárez Canal, ¿cre que iso é emigración? Cando un enxeñeiro de telecomunicacións galego de 26, 27 anos, marcha a Barcelona a traballar porque ten unhas condicións socioeconómicas extraordinarias, un enxeñeiro formado en Galicia, ¿iso vostede considéralo emigración? Porque iso é o que está acontecendo no país.

Polo tanto –e por terceira vez–, señor Suárez Canal, apelo á seriedade, un discurso serio non pode permitir que se diga nesta Cámara que existe emigración no país. A emigra-

ción foi un proceso desenvolvido anos atrás, e o que estamos a facer é a retornar con esforzos económicos, con políticas sociais, con decisións políticas, con presencias incluso de membros desta Cámara –non son presencias gobernativas–, aquel problema ó país, e permiti-las mellores condicións.

Unha delas, que ten unha importancia maior do que poida parecer porque vai coa idiosincrasia dos que alí estiveron, é recupera-lo patrimonio histórico de Galicia alí. Porque, señoras e señores deputados, sen ter catalogado, compilado e recuperado ese patrimonio hai unha parte de Galicia que non está con nós. Non é unha parte física, pero é unha parte intelectual, é unha parte de lembranzas, que ten unha extraordinaria importancia, e sei ben que esta idea será ben entendida pola Cámara, e despois, supoño, señor presidente, ben votada.

Acabamos de describir un escenario legal, unha vocación por ter un país libre, formado e educado, un compromiso principal coa sanidade, coas políticas sociais e cunha parte dos máis necesitados. Se me permite unha expresión un tanto difícil, cos máis necesitados dentro dos máis necesitados. E todo isto nun ámbito que permita acadar un verdadeiro nivel de calidade de vida. Un ámbito natural, por suposto, que de verdade permita que a saúde non sexa un discurso retórico senón que sexa unha auténtica realidade, e que tódalas políticas que buscámo-los populares de identificación e de auto-identificación co país permitan que a paisaxe, as rías, os ríos, os bosques, sexan un claro elemento de identificación, porque eses bosques e eses ríos son exactamente igual ca nós.

Onte o presidente da Xunta facía unha cita que reflectía perfectamente o que eu pretendo dicir. Hai unha alta esixencia social entre os electores en Galicia, e entre tódalas deputadas e os deputados deste grupo, polas políticas ambientais. Por iso dentro deste epígrafe presentamos un dos máis amplos grupos de propostas de resolución das 46 totais que presentamos. Varias refírense a política forestal. Temos unha clara vocación, xa é unha realidade, de que a política forestal acabe producindo –está producindo– efectos benéficos no país, efectos estéticos, paisaxísticos, na calidade do aire, efectos económicos, e que exista unha racionalización da explotación, e máis aínda que unha racionalización, que saibamos cá é o futuro que se nos presenta. E insisto moito nisto porque esta cifra ás veces, dende os bancos da oposición, non se quere dicir ou quérese esconder. A superficie

arborada de Galicia é maior nestes momentos que en anos anteriores. Cando os discursos ás veces parece que veñen dende a oposición dicindo que arde o país, señores, as cifras son as que son, e somos da opinión de que hai elementos das políticas ambientais que deben ser tamén elementos horizontais, o que onte se chamaba elementos de Estado. Incluían, incluámo-las políticas ambientais, dentro do que se consideran asuntos do Estado, asuntos do país. Porque a calidade da atmosfera é unha cuestión de supervivencia, non de matiz. Porque a calidade das augas é unha cuestión de vida ou de morte; de vida económica e de vida física. Iso si que son, como outras moitas, razóns de Estado.

Coa proposta 23 queremos fomenta-la xestión conxunta do bosque. A proposta 24 debe de servir para poñer en marcha o sistema de potenciación forestal, é dicir, seguir avanzando por un bosque ordenado e de calidade.

E despois presentamos unha serie de propostas que podemos titular como de política conservacionista e de fomento da biodiversidade, de fomento da riqueza intrínseca do noso país.

Queremos elaborar unha base de datos de flora e fauna galegas que non temos neste momento. Sen coñecer exhaustivamente o que temos, dificilmente podemos aplicar políticas que sexan racionais e que dean froito. Queremos mellora-lo equipamento da gardería de medio ambiente porque é un servizo que será fundamental no futuro e que neste momento non está suficientemente dimensionado. Queremos efectivizar un programa que é dos máis interesantes que manexa o Goberno neste momento, que é o de mellora dos ríos. E queremos crear algo que este grupo parlamentario hai algunhas datas valorou para establecer como iniciativa de impulso, pero que, en calquera caso, o quere facer como proposta de resolución para que as súas señorías, se o desexan, se poidan adherir a el, que é crea-lo Centro de Recuperación de Especies Mariñas. Nas costas saben as súas señorías que están a varar continuamente especies de animais, e con este Centro de Recuperación de Especies Mariñas podemos crear, á parte dun centro de estudio científico, un lugar de atracción para persoas de menor idade, para os rapaces, para que empecen a ter un interese e un coñecemento da natureza que os rodea e para que empecen a entender que a escala de valores da sociedade é a escala de valores que moitas veces se representa no reino animal, e non outras que chegan por distintos lugares e que non acaban de levar a ningures.

Por suposto, ten que haber propostas de loita contra a contaminación. A Cámara estes días está a debater un proxecto de lei que pretende previr e evita-la contaminación atmosférica, e por iso queremos propostas e facémo-la número 26 para axudar ás industrias a previr-la contaminación. É dicir, políticas de cooperación cos potenciais contaminantes, non simplemente políticas indicativas, de se vos tedes poden facer ou vostedes non poden facer. Non, non, e isto ten que ver co que se falaba o outro día dos ultra non sei qué, de que as administracións públicas se implican nos procesos industriais e axudan, non só dirixen, senón que axudan e deben axudar a que eses procesos industriais sexan procesos limpos. Porque é perfectamente posible conseguir riqueza e mante-lo medio nas mellores condicións posibles.

A número 25 pretende, dentro desta liña de axuda a empresas, poñer cartos e medios para que estas empresas, tódalas do país, se adhiran ó sistema europeo de auditoría ambiental. Dificilmente sen practicar todos este mesmo sistema, que está regulado pola Unión, podemos ter datos e coñecemento claro de cales son as implicacións de cada empresa nunha verdadeira política de prevención de riscos de contaminación.

Dicía o presidente do Goberno onte que hai un novo diálogo, unha nova forma de manifestarse a sociedade a través das novas tecnoloxías, e de que, efectivamente, estas avanzan a unha velocidade extraordinaria. Non digo con isto nada novo. Imos procurar –e esperamos que as súas señorías da oposición nos apoiem– plantexar algunhas propostas de resolución que permitan seguir camiñando por un vieiro no que –insisto, señoras e señores deputados da oposición– a Administración pública de Galicia ten dado pasos extraordinarios antes que noutros lugares.

Isto non quere dicir que estea todo feito. Aquí están estas propostas de resolución, pero hai que recoñecer esa realidade para saber despois implementar realmente as propostas que se necesitan.

A proposta 33 quere que de inmediato se informaticen tódalas bibliotecas do país e que exista unha comunicación de internet co exterior e entre elas, por suposto, como moi tarde antes de que remate o ano que vén.

Queremos, na proposta número 32, que existan realmente unhas sinerxías entre as infraestruturas de comunicación

públicas e as privadas, porque desgraciadamente se dan situacións difíciles de explicar. O que ten que face-lo país é aproveitar-la infraestrutura pública e dicirlles ós operadores privados que se poñan ó servizo desa infraestrutura. Porque poñerse ó servizo desa infraestrutura significa ó final dar un mellor servizo ós cidadáns e ás cidadás do país. Polo tanto, hai unha proposta de resolución que explica isto máis detalladamente, que pide que o Goberno explore nese camiño. Ó final, señoras e señores deputados, que se facilite moito máis o acceso á rede de redes.

A proposta 34 pretende que se amplíen as liñas de promoción do sector audiovisual. Un sector tamén rutineiro, señor Suárez Canal. ¿Que hai de rutineiro no audiovisual? Por certo, eu estaba en San Sebastián o outro día por outras razóns que vostedes seguro que coñecen, cando se premiaba nese festival unha película producida pola Televisión de Galicia, rodada en Vigo e cun actor galego. O señor Suárez Canal diría que esa película se titula *Rutina*, pero ben saben as súas señorías que non se chama rutina. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, dentro do sector audiovisual, probablemente —despois vostedes nos dirán se temos razón ou non— é a promoción exterior do sector o que máis implementación necesita neste momento. Dáme a sensación, ademais, de que as súas señorías van estar detrás desa idea, non sei se con matices, pero van estar detrás desa idea. Ó final non sei qué quedará do seu discurso, pero algo quedará.

Hai un elemento clave, que é o elemento que está soldando case calquera dos parágrafos ou epígrafes que aquí puideramos contar, que é o elemento cultural. O elemento cultural está, señor presidente, absolutamente en todas estas accións, pero hai algunhas concretas que queríamos subliñar. Neste caso —insisto—, subliñar.

Dentro das relacións entre Galicia e o norte de Portugal, das relacións debemos facer un balance extraordinariamente positivo en tódolos eidos. Pero é ben certo que a implementación de tódolos elementos culturais que nesa relación existan significará a culminación dun proceso modélico de relación entre países irmáns, entre pobos irmáns. Non só un éxito polo que de aí se derive senón un éxito na experiencia que nos pode dar para facelo noutros momentos.

Tamén queremos, na proposta número 35 —esta á que me refería era a número 31—, promove-la utilización de cartos

públicos para rehabilitar algunhas infraestruturas culturais, neste caso arquitectónicas, que permitan utilizalas como un elemento de calidade turística.

En canto á actividade industrial e ás accións de promoción económica, señor presidente, temos que dicir que pretenden ser estas propostas o motor de todo o anterior, a maquinaria que ben engraxada permita levar a bo termo tódalas anteriores políticas, as aquí recollidas e as que están na acción diaria do Goberno. Efectivamente, señores da oposición, negar —e esta vez non o negaron— que a situación do país neste momento nesta materia é infinitamente mellor que noutros tempos sería negar unha evidencia.

Pretendemos así —e vou rematando, señor presidente— unha lei de minas, un Centro Galego de Artesanía que se pode situar, como aquí indicamos, en Santiago. Por certo, señores da oposición, saíu o tema da privatización cando falamos de empresas; pero, señor presidente, ¿alguén nos podería dicir se coñece algunha administración máis privatizadora que a administración que leva gobernando estes últimos anos o Concello de Vigo? O récorde de privatización de empresas en Galicia está no Concello de Vigo no último goberno municipal. E esa lista, noutro momento, dentro duns días, teremos ocasión de discutila, aínda que, efectivamente, as deputadas e os deputados da circunscrición de Pontevedra téñena na memoria. Queremos asesoralo sector da artesanía, mellora-la comercialización da artesanía e mellora-los procesos productivos, porque tamén a artesanía ten un lugar principal no desenvolvemento de Galicia.

Dentro do impulso ás empresas, porque as empresas son o principal motor de creación de emprego, entendemos, señores nacionalistas, que o Igape é un magnífico instrumento para desenvolver estas políticas, para axudar ás empresas, ás de aquí e ás que poden vir aquí, porque algún pretendía sementar algunha dúbida sobre iso. Quixemos poñer cinco ou seis exemplos concretos para o seu debate nos que se ven non só as implicacións que xa teñen, senón o potencial inmediato que ten o Igape: fomento e uso das tecnoloxías da información nas empresas con cartos deste instituto; implicación en novas iniciativas empresariais; esforzo por localizar posibles investimentos en zonas menos favorecidas, que isto é probablemente unha política clave de reequilibrio interterritorial dentro do país; atraer proxectos forá-

neos para que teñan corpo aquí, no país, e xeren aquí empregos; pedirlle ó Igape tamén unha maior expansión das empresas galegas no exterior.

E non é menos importante a outra proposta que planteamos nesta materia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... que o Igape siga e perfeccione o sistema de axudas financeiras, de créditos ás empresas, como elemento clave para poder desenvolve-los investimentos que se pretenden.

Por último, queremos facer un chamamento ós autónomos, pedíndolle ó Igape, e ós mecanismos que a Administración autonómica ten, un claro apoio, un renovado apoio, nas dificultades que os autónomos teñen para desenvolve-lo seu traballo, sabendo que son estes os elementos principais das políticas de xeración de emprego, das políticas de benestar.

As últimas palabras, señor presidente, son para volver lembrar que todas estas propostas son propostas para os cidadáns, que son propostas para o progreso, que son propostas para un país moderno, e, sobre todo, señoras e señores deputados, que son propostas posibles para un país posible e para un benestar posible.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Co fin de que se poida acadar algún acordo sobre as propostas de resolución, suspendémo-la sesión por trinta minutos. *(Pausa.)*

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Retomámo-la sesión coa rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais grupos.

Para este posicionamento ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente. Señorías.

Señor presidente, o noso grupo participou neste debate cunha posición clara, aínda que incómoda, sen dúbida, ó traer á cámara de representación dos cidadáns as preocupacións da rúa, as inxedanzas dos traballadores e dos parados, as preocupacións familiares, as incertezas dos que teñen menos dependencia, as arelas das máis novas e dinámicas. Tentamos facelo coa firmeza necesaria, como corresponde á oposición política, e coa flexibilidade esixible para acadar mellora-las iniciativas alleas e servir así ós intereses dos cidadáns.

Non estamos aquí só para facer discurso, señorías, e menos para aprobar sistematicamente a acción de goberno. Os cidadáns co seu voto outorgáronno-la responsabilidade de exercer-lo control do Goberno e de promover iniciativas. O primeiro exercémolo con respecto pero con firmeza, e o segundo, señorías, con responsabilidade.

Saiba, señor presidente da Xunta, señor Fraga Iribarne, que a nosa liña vai seguir sendo a mesma, vai seguir sendo esta, con independencia das decisións, das estratexias que en cada momento se adopten. Por iso, señoras e señores deputados desta Cámara, señorías do grupo maioritario que apoia o Goberno, vostedes saben ben que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia –e porque as tiveron á súa disposición– presentou un bloque de emendas que tentaba acada-la mellora para os cidadáns e as cidadás do noso país, que tentaba e tenta facer fronte a graves eivas que hai hoxe en día na acción do Goberno, pero tamén somos conscientes de que as nosas propostas, que conforman, que aluman, practicamente unha alternativa á política do Goberno de Galicia hoxe en día, son certamente incompatibles co que vostedes estiveron facendo e, o que é máis importante para nós, parece ser que co que vostedes pensan facer para desenvolve-los problemas que afectan e preocupan ós cidadáns do noso país.

Queremos pensar, señorías, que esa é a razón da posición sectaria e contumaz do Grupo Parlamentario Popular coas nosas propostas. Porque nos parece, señorías, moi estraño que en 43 propostas de resolución só acadaran vostedes, aínda despois de que estas afectaran ó conxunto das áreas de actuación do Goberno a posibilidade de apoiar ou transaccionar non máis de catro ou cinco, curiosamente as máis

irrelevantes, e algunhas delas teñen que ver incluso con accións dun paquete de medidas que tiñamos presentadas e que mesmo ten aprobado este Parlamento.

Por iso digo, señorías, que os socialistas entendemos que isto só pode deberse a que vostedes non comparten, non entenden, non queren comprende-la alternativa que os socialistas representamos. É máis, señor Fraga, eu estou seguro de que vostede sabe que a inmensa maioría destas propostas serían útiles para resolve-los problemas dos cidadáns do noso país. Estou completamente seguro de que boa parte delas acabará vostede mesmo –porque lle quedan aínda tres anos de presidente, ou algo máis– poñendoas en marcha. Aínda que agora, por estratexia ou pola razón que sexa, vostede negue a realidade, que moito temo que se lle vai mostrar contumaz.

Nós, sen embargo, señorías, imos apoia-la maioría das propostas de resolución que presentou o Grupo Parlamentario Popular, ¡como non! Todas aquelas propostas de resolución que nos pareza que teñen algunha virtualidade para facer fronte e solucionar problemas dos cidadáns do noso país e que se corresponden con lagoas en áreas importantes do Goberno. É moi bo que o grupo parlamentario que apoia o Goberno saiba e nos diga a tódolos deputados e deputadas desta Cámara, e á cidadanía en xeral deste país, que o Goberno que apoia non está á altura das circunstancias en determinadas áreas deste Executivo para resolve-los problemas dos cidadáns. E aí, señorías, señores da maioría, van te-lo voto dos socialistas apoiándoos a vostedes nesa iniciativa de incentivación do Goberno. Ben é certo que nos gustaría unha certa reciprocidade, pero entendemos tamén, ¡como non!, a súa posición. Non depende, a bo seguro, da inmensa maioría de vostedes, depende dalgunha outra cuestión.

Señorías, todas aquelas iniciativas que formen parte dunha estratexia mediática de comunicación e que estean única e exclusivamente dirixidas a tomárlle-lo pelo ós cidadáns, especialmente ás familias máis desfavorecidas... Porque, señor Casares, falou vostede aquí, e díxoo tamén o señor presidente da Xunta na tarde de onte, dunha aposta clara e decidida pola protección social, pero resulta, señor presidente, que nas propostas de resolución que remite a esta Cámara o grupo parlamentario que vostede preside non hai nin un só euro de compromiso para facer fronte ó anuncio

que vostede fixo aquí no día de onte. ¡Nin un só euro para as familias deste país!

Señora Porro, ¿que vai facer vostede cos 2.000 cidadáns maiores que están en lista de espera para ingresar nunha residencia da terceira idade? ¿Que ten pensado facer vostede con eles? Sobre todo con aqueles que están en situación de alta dependencia. ¿En que situación cre vostede que están eses cidadáns, señora?

Señor presidente da Xunta de Galicia, ¿como cre vostede que van compatibiliza-la vida familiar e laboral as familias do noso país sen que o grupo que vostede preside presente aquí nin un só euro de compromiso para facer fronte ó déficit que temos de garderías? Señor Fraga, recórdolle que, no mellor dos casos, hai 12.000 para atender 70.000 nenos. Señor presidente da Xunta de Galicia, ¿como pretende vostede solucionar este tema? ¿Como se atreve vostede a facer dende esta tribuna unha proposta e unha aposta polo gasto social neste país, señor presidente da Xunta?

¿Hai un só euro, señor presidente, hai unha soa proposta en positivo, señores do Goberno, señor conselleiro de Política Territorial, para atende-lo gran déficit de vivendas que existe neste país? Indubidablemente non.

Señor conselleiro de Política Territorial, o convenio que vostede asinou co Ministerio de Fomento marxina o noso país. Un seis e pico por cento de poboación e un catro e medio de compromiso con respecto ó conxunto de vivendas que vai construí-lo Ministerio de Fomento en España, señor conselleiro, señor presidente da Xunta; 620 para aluguer. ¿Como pretenden vostedes solucionar-lo problema de miles de mozos que están en absoluta precariedade laboral e que teñen que facer unha mobilidade case permanente no territorio?, ¿como pretenden vostedes que poidan acceder á vivenda e que poidan aceptar eses postos de traballo, señores ?

Porque houbo aquí incluso, por parte do portavoz do Partido Popular, o descaro –porque non se pode cualificar doutra cousa– de dicir que os mozos galegos non emigraban. Señor Fraga, desde que vostede goberna, 120.000 galegos tiveron que marchar da nosa comunidade, na súa maioría rapaces de entre 18 e 25 anos. ¿Sabe vostede por qué? Porque en Canarias, en Mallorca, todo por aí, teñen non soamente máis facilidades para acceder ó emprego, tamén teñen

máis facilidades para acceder á vivenda, tamén teñen máis facilidades para a compatibilidade da vida laboral e familiar, señor presidente, por iso se van de Galicia. E ó final veñen a Galicia aquelas persoas con maior dependencia, que, sen dúbida, teremos que atendelas. Pero vostede expulsa os que teñen posibilidades de ser activos, e lévao facendo durante os anos que leva vostede de presidente.

Polo que respecta ás propostas do Bloque Nacionalista Galego, sen dúbida celebramos que haxa unha confluencia importante coas do Grupo Parlamentario Socialista. E celebrámola de verdade, porque lonxe de discursos e de posicionamentos todos eles lexítimos, sen dúbida, parécenos que hai unha confluencia importante coas propostas do Grupo Parlamentario Socialista. Imos votar a favor todas aquelas que, dende logo, non foran minoradas con respecto á súa orientación principal. Tódalas que teñen un grao de confluencia coas nosas, que é unha alta porcentaxe, ímolas, sen dúbida, apoiar, señores do BNG. Non imos poder apoiar todas aquelas propostas de resolución que non coincidían coas nosas na súa proposición inicial, que son escasas, certamente, e tampouco apoiaremos aquelas que se viron minoradas e que se deixaron nalgúns casos practicamente sen ningún tipo de sentido práctico, pero aceptamos perfectamente que vostedes teñan feito as adaptacións oportunas, e nós, nese caso, absterémonos. Pero absterémonos –sáibano vostedes– única e exclusivamente por esa cuestión.

Nada máis e moitas grazias, señorías.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor Rego.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Grazias, señor presidente.

Trátase neste trámite do debate de expresar a posición do noso grupo respecto das propostas de resolución presentadas polos outros dous grupos parlamentarios.

Empezarei dicindo que basicamente votaremos a favor de todas as propostas do Grupo Parlamentario Socialista, con algunhas matizacións, e as matizacións serán polo formato que adoptou neste debate de presentación de propostas de resolución o Grupo Parlamentario Socialista e polo trá-

mite que hai que facer, que é bastante complicado. Porque dunha batería de 20 ou 30 puntos, coincidindo ao mellor con 18, non hai outra posibilidade que, cando un, ao mellor, é contrario a algunha das teses que defende o Bloque Nacionalista Galego, non poder entrar en consideración do Bloque. Mesmo algunhas redaccións fan referencia á propia exposición de motivos –de catro, cinco ou seis folios– e fai difícil un posicionamento de adhesión aos textos do Partido Socialista.

Polo tanto, basicamente nas que non temos ningunha contradición nalgún dos múltiples puntos que inclúen nas súas propostas de resolución, votaremos favorablemente, e nas outras, nas que temos algunha discrepancia puntual con algún dos puntos, emitiremos un voto de abstención.

Respecto das emendas do Partido Popular, direi que votaremos favorablemente algunhas, a maioría tamén das que presenta, a pesar de que moitas delas son brindes ao sol. Nós intentamos, e nalgúns casos conseguímolos, no proceso de transacción establecer compromisos, mecanismos, que deixaran de converter esas propostas de resolución en brindes ao sol, en compromisos con temporalizacións e prazos. En calquera caso, aínda sendo conscientes de que son brindes ao sol, nós entendemos que, como non temos nada en contra desas propostas, as votaremos a favor. Non así nalgunhas nas que si temos posicionamentos non favorables, e mesmo nalgunhas que explicarei despois por ter algunha *enxundia*, nas que votaremos en contra.

O que si quero dicir é que nos sorprende que dun debate do estado da autonomía as propostas do grupo maioritario, se vostedes as analizan, teñan unha parcelación e unha temática que indica que en realidade vostedes –o que xa dicíamos no debate de ante– están moi satisfeitos coa acción de goberno e ven poucas parcelas nas que poidamos impulsar dende o Parlamento, poucas parcelas mesmo que teñen que ver coa vida dos cidadáns, poucas parcelas que teñen que ver con aspectos básicos que afectan moitas veces ao emprego, ás condicións de vida. Iso, e moitos dos aspectos dos sectores productivos, non se toca nas propostas de resolución.

Volvo insistir en que o Partido Popular parte do presuposto de que todo vai ben, e nós queremos facer unha chamada para que se faga un exercicio de reflexión autocrítica para corrixir non só con brindes ao sol, que ás veces teñen

pouco compromiso, algunhas actuacións puntuais e concretas, senón para que se empece a tomar en serio a corrección de políticas que afectan ao conxunto e ao benestar dos cidadáns.

Dito isto, e sentado o noso sentido do voto, temos que dicir que das nosas propostas de resolución –presentamos 124–, ao final entre aprobadas directamente ou transaccionadas vai haber tamén un grupo importante delas. Saben vostedes que o primeiro bloque das nosas propostas foi dirixido a darlle contido en sede parlamentaria, e por suposto no formato de propostas de resolución, a un debate da autonomía. Máis adiante traeremos tamén as nosas propostas para desenvolver a capacidade de decisión política de Galiza, hoxe adoptamos a proposta exclusivamente de darlle formato en propostas de resolución a un documento que fixemos público hai quince días a toda a sociedade galega. Un documento que contempla o desenvolvemento do autogoberno en dous escenarios: o escenario do que é posible facer hoxe xa cunha interpretación diferente do marco constitucional, cun enchido de contido do rango competencial estatutario e cunha interpretación do que son o exercicio das competencias exclusivas, a participación no nomeamento do Tribunal Constitucional e outras indicacións que van incidir na participación da planificación económica do Estado, e un segundo escenario de reforma do Estatuto que nós contemplamos paralelamente ao impulso do autogoberno na situación actual. Pero, loxicamente, será un escenario que terá que completarse, seguramente, polo propio debate que iso xeraría con máis tardanza. O que é certo é que son dous escenarios que nós contemplamos xa en sede parlamentaria, que vostedes traerán máis adiante documentos e que, dende logo, hoxe lle damos o formato que podemos en propostas de resolución.

Nese sentido, queremos destacar que algunhas das propostas que se van apoiar hoxe neste Parlamento pensamos que teñen unha certa significación política. Non son todas as que nós presentamos e que nos gustaría que fosen aprobadas porque significarían un compromiso real con posicións concretas respecto do autogoberno, pero nós pensamos que é moi importante que en Galiza se adopte unha decisión para que haxa a posibilidade de que a Comunidade Autónoma participe na designación dos membros do Tribunal Constitucional, como se vai aprobar nesta Cámara. E imos aprobar tamén un dato que penso que é novidoso en toda a estrutura do Estado español, que é que o fiscal do Tribunal Supe-

rior de Xustiza de Galiza teña que informar neste Parlamento como fiscal dun órgano xurisdiccional de territorialidade galega. E para iso imos propoñer a reforma, dende o Parlamento galego, do Ministerio Fiscal.

Tamén se vai aprobar por parte do Parlamento galego que se inicie un proceso en sede parlamentaria de revisión de todas as competencias que os grupos poidamos determinar e opinar que faltan para completar o Estatuto. E nós pensamos que tamén é importante que iso se empece a tratar no Parlamento galego, e é unha das propostas que nós facemos que seguramente se aprobará, segundo os datos que acabamos de saber na negociación que tivemos cos outros dous grupos parlamentarios.

Non podemos votar favorablemente a proposta do Partido Popular, a única que fai referencia ao impulso do autogoberno, porque, precisamente, residencia na Xunta o único suxeito da revisión do rango competencial, e mesmo non contempla a estruturación dunha negociación, no caso de que se chegase a un acordo parlamentario, para facer efectivas esas competencias que acordemos entre os tres grupos do Parlamento. A nosa, que se vai aprobar, si que contempla que sexa o Parlamento o titular da iniciativa e que estableza unha estratexia de negociación.

En definitiva, señoras e señores deputados, nós, nun debate do estado da Autonomía, facemos o que sempre fixemos. Nas propostas de resolución ofrecemos compromisos concretos coa nosa sociedade, cos nosos homes e mulleres e coa realidade política. E, ademais, reclamamos un cambio de actitude na Xunta para que se comprometa definitivamente a exercer como Goberno de Galiza; que deixe de ser definitivamente unha sucursal do Goberno do Estado.

De aprobarse todas as nosas propostas de resolución, ese sería o camiño escollido. Dende logo, de nós non depende a súa aprobación na totalidade, pero tamén temos que deixar patente en sede parlamentaria que algunhas das resolucións que se van aprobar teñen unha significación política para o noso país que nós valoramos de forma importante.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, vaia por diante que é un esforzo francamente importante presta-la atención que se require dende a maioría á lectura, ó debate e á consulta sobre unha tal achega de propostas en número, tan interesantes propostas porque veñen de deputadas e deputados elixidos polos cidadáns, que non me queda por menos que citar ese esforzo e dicir que en verdade o que sae aquí á tribuna non é nin máis nin menos que o voceiro do traballo de moitas deputadas e moitos deputados que se sentan nos bancos da maioría, que levan todo o día procurando darlle ó país –ou o que é o mesmo, a vostedes e a esta Cámara– unha resposta racional, unha resposta veraz, unha resposta sensata. Créanme que o fixeron. Eu aquí traio a voz de todos eles coa mellor disposición e coa mellor intención.

Unha intención que se ve *abofeteada* cando nesta tribuna, neste acto parlamentario un responsable principal do Grupo Socialista plantexa o debate nos termos nos que o presentou. É dicir, unha fuxida cara a adiante (*O señor Rego González: ¡Impresentable!*) porque non se é quen de defender unhas propostas que chegaron desartelladas, que non tiñan unha unidade de criterio común; unhas ían con este estilo, outras ían con outro; unhas tiñan ducias e ducias de expresións, de frases e de parágrafos; outras a penas xuntaban catro letras, e non xustificaba ese erro previo que agora a Cámara pague cunha fuxida cara adiante, cun esperpento valleinclanesco a actitude dos socialistas; nin os seus electores nin os que aquí traballaron nin os que o están a observar son merecedores dunha actitude desa categoría. Non é, en absoluto, serio, dicir nesta Cámara... (*O señor Rego González: É vostede un kamikaze.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Rego, vostede xa tivo a palabra. Faga o favor de calar se ten a bondade.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Pero parece que non quedou a gusto suficientemente. (*O señor Rego González: ¡Kamikaze!*)

É absolutamente inaceptable que, cun mínimo de rigor, se diga nesta Cámara que non hai propostas en materia de política social, porque non se queren criticar, porque non se queren emendar. ¿Como non vai haber propostas, se de 46 propostas

do grupo que represento, un tercio delas eran propostas en materia de política social? Pero por se a vostede lle quedara algunha dúbida, unha das propostas da oposición, a número 97 do Bloque, que certifica en concreto que se necesitan 2.500 prazas asistidas para maiores dependentes, vai ser aprobada por esta maioría, por se houbera algunha dúbida. ¿Como se pode explicar como racional, prudente e sensata a posición que os socialistas, a través do seu portavoz, toman nesta Cámara? Habería que cualificala doutro xeito, que a evidencia das palabras do señor Rego a cualifican por si mesma, sen que eu lle teña que engadir ningunha implicación.

E, insisto, cando un galego marcha a traballar a Canarias para ter uns ingresos que non témo-los deputados deste Parlamento, iso non é emigración... (*O señor Rego González: ¡Ah, non, que va!*) E vostede pode someter a esta Cámara... (*Protestas nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*) Señores deputados, cando un universitario galego, licenciado en telecomunicacións, está en Barcelona ou en Londres ou nun Estado dos estados da Unión, dos Estados Unidos, traballando nun proxecto de vangarda, iso non é emigración. (*Interrupcións do señor Rego González.*) A súa incapacidade por definir eses procesos que se están a dar estes días non debe facer que esta Cámara perda nin un minuto máis –e preténdoo dicir con todo respecto– en debates que non levan a ningures. (*O señor Rego González: ¡Que barbaridade!*)

Tampouco queremos aceptar, pero, efectivamente, dende outra perspectiva, que se diga que as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, do grupo maioritario, son aceptadas polos nacionalistas, aínda que nalgún caso son un brinde ó sol. Ninguén cre que se foran brindes ó sol vostedes as aceptaran. Ninguén o cre. Polo tanto, en algo a súa señoría está faltando á verdade.

Hai, señor Suárez Canal, dous escenarios, efectivamente. Vostede cita o escenario do posible, que é o escenario do presidente do Goberno de Galicia, do discurso de onte, o escenario do que nos pasa no noso traballo e na nosa casa e nas nosas empresas, dos problemas que temos tódolos días, das solucións que este Goberno está a dar, das propostas que coa mellor intención este grupo quere propoñer, das que vostedes aceptan. E vostede di que tamén hai un escenario distinto –que non é do posible–, o da reforma estatutaria. Ese escenario –como vostede di– non existe, non é o escenario do posible, e, dende o máis absoluto respecto, convirá a súa señoría

en que vostede, que o cita fóra do posible, terá que explicar qué é. Porque dificilmente a unha Cámara que responde ante tres millóns de cidadáns se lle pode pedir que se posicione sobre algo que non é posible. Xustamente, dicíamos na intervención anterior –é o discurso enteiro do presidente do Goberno de onte– que a política desta Cámara é a política do posible, que ó final se ten que traducir e se traduce en avance, en progreso, en estabilidade, nunha serie de valores que son propios deste Goberno, que son propios desta sociedade.

Señor presidente gustaríanos aceptar dous asuntos concretos, importantes, dentro dos que plantexan os socialistas, e é difícil, precisamente por estar mesturados, por estar sen cohesión, sen unha liña argumental. Pretenden que constituámo-lo Consello Galego de Turismo, e por suposto que lle dicimos que si, señor presidente, dentro da súa proposta de resolución número 25. Pero é que a colocan ó final de 14 peticións de menor índole, respectables, inconexas entre elas, e ó final de todo aparece nin máis nin menos que a creación dun consello, sen embargo, toda a Cámara probablemente estea de acordo en que é un instrumento que permitirá dinamizar e racionaliza-la oferta turística neste país. Pretendemos, señores socialistas, acepta-la proposta cando parece que é razoable e é posible.

Tamén queremos, na proposta número 29, acepta-lo punto, o parágrafo, que aparece numerado co número 2, que di: “Demandar das empresas eléctricas a mellora da rede de distribución, que sitúe a Galicia nos niveis medios de calidade no servizo de España”. ¿Por que? Porque, efectivamente, detrás disto están moitas familias, moitos empresarios, que necesitan desta mellora. É dicir, estamos apostando pola mellora da calidade da distribución, que ten consecuencias sociais e económicas. Esta proposta aceptámola, queremos aceptala, pero é que está na nota que se titula “Política enerxética”, que, créanme, e insisto, con todo o respecto, nin é política nin é enerxética. No medio aparece esta proposta, que é esencialmente a que este grupo quere aceptar.

Señor presidente, o tempo é escaso, quero dicir que nas demais propostas socialistas podemos –e créanme que fixemos un extraordinario esforzo– plantexar algunhas transaccións que xa coñecen algúns voceiros do Grupo Socialista, que teñen que ver coa proposta de resolución número dez. En política de infraestruturas deportivas, estamos de acordo –e vostedes están de acordo con nós– en que existan pistas poli-

deportivas nas grandes urbes nas condicións que aquí se reflicten, e queremos que exista unha absoluta seguridade á hora de practicar sendeirismo, deporte ó aire libre –e en referencia ó tráfico rodado nas grandes cidades–, porque, efectivamente, Galicia ten unhas cidades de gran poboación nas que existen estes problemas para a práctica do deporte. E aí estamos de acordo, pero nos volve ocorre-lo mesmo dentro dunha proposta de 15 ou 20 obxectivos, que son un tanto ambiguos, que nalgún caso, por exemplo, plantexan subvencións en materia deportiva que son absolutamente inviables; queremos, señor presidente, que iso non se nos pase. E así ocorre nalgunha outra cuestión que xa coñecen os socialistas. A partir de aquí, dificilmente; se pode buscar un punto de debate para ver se hai unha simetría e un achegamento, dificilmente, e non quero dicir que non o teñan, pero quero dicir que o disimulan extraordinariamente se é que o teñen.

En canto ás propostas nacionalistas, señor presidente, o Grupo Popular vai votar, como aparece no texto, as número 4, 9, 36, 39, 97, 110 e 123. Claro que queremos xestionar os fondos que chegan para administrarse no país, por suposto que si, que lle imos dicir que si. Aí estamos nesa liña. Insisto, estamos nas políticas do posible, da mellor xestión dos fondos que chegan ós cidadáns, que é a racionalización deses medios, porque son, ademais –como di a súa propia definición–, escasos. ¿Como non imos querer que o Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza compareza nesta Cámara? Por suposto que si. Non hai ningunha dificultade en que iso sexa un novo elemento máis do escenario parlamentario, do control que este Parlamento esixe, neste caso, de coñecemento desta institución. Por suposto que queremos acepta-la participación galega en todos estes programas que aparecen na proposta de resolución 36, crea-lo Servizo de Defensa da Competencia, porque vostedes nos din: señores populares, ¿vostedes son quen de aceptar algo que está dentro das súas competencias? E, ¿que lles estamos a responder? Que si, que claro que si, que o señor presidente do Goberno onte estivo permanentemente nesa disposición, e este grupo parlamentario, que el preside, está, por suposto, nesa disposición. Imos aproba-la número 39, a que citabamos antes, señores.

¿Comprometémonos na creación de 2.500 prazas asistidas? ¡Por suposto que nos comprometemos! Se a cuestión é ter ese compromiso exacto, que é dunha extraordinaria ambición, e máis ambiciosos que seremos –non se entenda isto como unha presunción. Por suposto que aí atopan vostedes a maioría.

¿Que queiramos que o Parlamento de Galicia realice en galego tódalas actuacións internas e externas da Xunta que teñan que ver coas administracións públicas? Se dicimos que isto é sinal de identidade do noso pobo, ¡como lles imos dicir que non a iso! Esta é unha proposta do posible, e, polo tanto, ímola aceptar. Igual que no último caso, señor presidente, a que se enumera co 123, que pide que demandemos do Goberno do Estado o desenvolvemento regulamentario da LOE, que permita a inscrición rexistral condicionada das vivendas en réxime de autoconstrución de uso propio e que non se adican ó tráfico inmobiliario, coa exención da garantía do seguro decenal. Aquí estamos dispostos a tomar con vostedes esa posición.

Hai outras moitas propostas transaccionadas: a 1, a 31, a 37, a 40, a 59. Acabamos de escenificar un exercicio de buscar –insisto, por cuarta ou quinta vez– políticas do posible, políticas de benestar, e aí –insistimos– nos atopamos. Pero teño que empregar estes últimos segundos en reiterar unha posición sobre a petición que nos facía o Bloque de reforma da nosa proposta de resolución número 1.

Señores da oposición, o Estatuto é absolutamente rico en propostas. Podemos espreme-las posibilidades que ten o Estatuto e desenvolver un país que xa é grande en algo moito máis grande dentro do marco constitucional. Dicímoslle na proposta que queremos que nas Cortes o Senado se converta nunha verdadeira cámara de representación territorial, e queremos que propostas que Manuel Fraga fixo nesta Cámara –que xa son propostas desta Cámara–, como a Conferencia de Presidentes, se convertan nunha realidade, e gustaría-nos que todos vostedes estiveran nunhas propostas que xa son do común do cidadán galego.

Pero, señoras e señores deputados, ese é o marco do posible, ese é o marco do razoable, e, insisto, señores nacionalistas, ese marco ten extraordinarias posibilidades, é un marco de progreso e é un marco de estabilidade. Probablemente, saíndo dese escenario, non teñamos estas tres características de estabilidade, de progreso e de concordia –digo probablemente– que si se ten nisto.

Polo tanto, a postura que deixou medianamente clara o presidente do Goberno no discurso de onte, e que agora reafirma este grupo parlamentario, é unha posición na que imos traballar e da que non nos imos mover. Ademais, estamos

convencidos de que a inmensa maioría do país –cremos que a inmensa maioría do país– está nesta tese.

Remato, señor presidente, dicindo que tamén flexibilizamos algunhas das nosas propostas para que poidan ser votadas pola oposición, como se verá no trámite de votación; que fixemos boas propostas; que cando a oposición, dende o noso punto de vista, está na realidade das cousas, hai posibilidades de acordo, e que esa realidade é a que permite progresar a un país; e dende a responsabilidade que temos nesta maioría, que é apoia-lo Goberno, tamén nos sentimos neste momento motivados –e hai que dicilo– para atraer á realidade a compañeiros de Cámara que militan noutros pagos parlamentarios. Ese novo compromiso é atractivo, é un aliciente para o noso traballo parlamentario, e procuraremos sempre ser fieis a el.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Imos proceder a vota-las propostas de resolución. Eu pídolles ós portavoces dos distintos grupos que colaboren con esta Presidencia co fin de non cometer moitos erros nas votacións e facelo o máis rapidamente posible que poidamos. Eu irei acumulando as iniciativas, e cando haxa algunha que se queira votar por separado, notificanmo e votámola soa.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

¿Señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, vou fixar un pouco a posición do noso grupo sobre catro ofertas de transacción que acaba de face-lo portavoz do Grupo Parlamentario Popular sobre catro emendas ou catro resolucións do Grupo Parlamentario Socialista, pois parécenos que merece a pena que expliquemos cáal é a nosa posición sobre esa posible transacción.

En primeiro lugar, temos que dicir que as propostas de resolución, tódalas do Grupo Parlamentario Socialista, están dotadas dunha exposición de motivos, e as 43 resolucións que presentamos teñen 216 propostas. Lamentamos que o portavoz do Grupo Parlamentario Popular lera única e exclusivamente catro, pero, en calquera caso, témoslles que dicir, señores do Partido Popular, señores do Goberno, que a pro-

posta número 25, que vostedes limitan á posible aceptación dun só punto e non precisamente o máis relevante, está formada por un paquete de medidas en materia de turismo que quedaría absolutamente desvirtuado se non é aprobada a resolución no seu conxunto. Polo tanto, vannos permitir que non aceptemos esa proposta que vostede fai.

A proposta número 29...

O señor PRESIDENTE: Señor Rego, xa lle expliquei que, a medida que nos vaíamos aproximando a cada un dos obxectivos, se pide que se voten por separado. Vostede pode dicir que si ou que non.

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, falta un segundo para que remate. Se me permite, é un segundo nada máis. Faltan tres propostas para que lle diga a posición do noso grupo, porque algunha ímola aceptar.

O señor PRESIDENTE: Pero a posición do seu grupo manifestarase na votación. Quen ten que manifesta-la postura é o que solicita.

O señor REGO GONZÁLEZ: Pero, señor presidente, o que solicita acaba de facer unha oferta de transacción que me imaxino que me deixará contestarlle, que son dous segundos, non perderemos nada de tempo, agás que haxa tanta prisa que non permita isto. Dígolle que na proposta número 29, que ten que ver coa mellora da electrificación no noso país, da rede eléctrica do noso país, que é un conxunto de medidas e propostas que facemos na resolución, a aprobación dunha soa illadamente non tería ningún tipo de sentido; ademais, van escoller precisamente unha das que xa está aprobada neste Parlamento dentro dese paquete de medidas.

Na proposta número 10, que ten que ver coa política deportiva da Xunta de Galicia, na que hai un paquete de medidas alternativo de auténtica política deportiva, a verdade é que a aprobar un só punto desa proposta non lle vemos ningún tipo de sentido, porque a desvirtuaría completamente.

Si aceptamos, porque practicamente se oferta a súa aceptación na súa integridade, a proposta número 23, que ten que ver co desenvolvemento da agricultura en Galicia, co desenvolvemento agrario do noso país, e esta si que non sac des-

virtuada para nada e recóllese o espírito xeral do que nós pretendíamos. Polo tanto, a que aceptaríamos sería a transacción sobre a resolución número 23.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Procedemos, entón, a vota-las propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista: a 1, 2, 3, 4, 5...

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Señor Veiga?

O señor VEIGA BUXÁN: Si, moitas grazas.

Era para propoñer, no nome do meu grupo, a agrupación de diversas propostas de resolución do Grupo Socialista para os efectos da súa votación. Entón, propóñolle a seguinte agrupación.

Nun bloque ou grupo de propostas irían a número 4, a número 7, a número 8, a número 11, a número 17, a número 19, a número 21, a número 24, a número 41, a número 42 e a número 43. As restantes irían noutro bloque de votación.

(Pide a palabra o señor Casares González.)

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Casares?

O señor CASARES GONZÁLEZ: Si, solicitamos que se vote por separado a número 23 do Grupo Socialista.

O señor PRESIDENTE: Procedemos, entón, a votar agrupadas as solicitadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as propostas de resolución dos socialistas números 4, 7, 8, 11, 17, 19, 21, 24, 41, 42 e 43.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 39; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 23.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

Póñense a votación o resto das propostas de resolución que foron plantexadas polo Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas o resto das propostas.

Pasamos agora á votación das propostas de resolución plantexadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Se piden a votación por separado dalgunhas...

(Pide a palabra o representante do grupo Socialista.)

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Pedímo-la votación por separado das propostas número 67, 69, 70, 79, 82, 85, 96 e 97.

Nada máis, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Pide a palabra o representante do Grupo Popular.)

Ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Gustaríanos votar por separado –como xa expliquei, vai ser voto afirmativo– as propostas nacionalistas 4, 9, 36, 39, 97, 110 e 123.

Ademais destas, quero citar unha serie de propostas coas conseguíntes transaccións, que foron consecuencia do acordo ó que chegamos co grupo nacionalista. Na proposta de resolución número 1 suprimíase a expresión final “no prazo...

O señor PRESIDENTE: Se fai o favor, cando vaíamos votar, le o texto de cada unha delas.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Unha a unha. Como vostede diga, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Nada máis que esa?

O señor CASARES GONZÁLEZ: En calquera caso, señor presidente, eu doulle os números para que a súa señoría... As que serán transaccionadas son as seguintes: a 1, 7, 31, 37, 40, 59, 85, 92, 93 e 104, se é que non hai erro.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, é para corrixir un erro. É para que se voten por separado a 42 e a 48. E, entón, podería votarse conxuntamente a 85, que pedíramos por separado.

O señor PRESIDENTE: ¿A 85, entón, non se vota neste grupo?

O señor REGO GONZÁLEZ: Exactamente.

O señor PRESIDENTE: Vótase a 48.

Hai unha coincidencia na solicitude de votación por separado da proposta de resolución número 97. Se queren, votá-

mola exclusivamente, porque foi solicitado o seu voto por separado polo Grupo Parlamentario Popular e polo Grupo Parlamentario Socialista. Se queren, votámola soa, illada.

Póñense a votación as propostas de resolución números 67, 69, 70, 79, 82, 96, 97 e 48.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 39; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse agora a votación a proposta de resolución número 97.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

(Pide a palabra o señor Rodríguez González.)

¿Señor Rodríguez?

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Señor presidente, é que non me funcionou o aparato nesta votación nin na anterior; o dispositivo.

Na anterior quería manifestar...

O señor PRESIDENTE: Si. Considerámolo un voto positivo, señor Rodríguez.

Póñense agora a votación as propostas de resolución números 4, 9, 36, 39, 110 e 123.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas.

Pasamos agora ás que son transaccionadas. En primeiro lugar, a número 1. Se fan o favor, díganme o contido da transacción para podela votar.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Suprímese a última expresión, que dicía: "... no prazo non superior a un ano".

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Sometémola, entón, a votación con esa supresión.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 7. ¿En que consiste a transacción?

O señor CASARES GONZÁLEZ: A partir da última coma, dirá: "... para garantir un instrumento de participación da Comunidade Autónoma".

O señor PRESIDENTE: Con esa modificación procedemos a vota-la proposta de resolución número 7.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Pasamos á número 31.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Na última liña, onde di “... índices de calidade nos concellos e comarcas galegos”, dirá: “... índices de calidade por comarcas”.

O señor PRESIDENTE: Un momento, un momento. Non coincide o texto seu co meu.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Dende a última coma, o texto orixinal di: “... así como da evolución dos índices de calidade nos concellos e comarcas galegos”. Propoñemos que diga, dende esa mesma coma: “... así como da evolución dos índices de calidade por comarcas.”

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Por comarcas, suprimímo-lo dos concellos.

Ponse a votación a número 31.

Ponse a votación a número 31.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

Pasamos á número 37.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Débese substituí-la primeira expresión “Elaborar un informe anual” por unha nova que diga “Elaborar antes do 31 de decembro do ano 2003 un informe sobre a execución en Galicia...”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pasamos entón a vota-la número 37 con esa modificación.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos á número 40.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Na antepenúltima liña, onde cita entre comiñas: “... nun prazo non superior a tres meses”, propoñemos que diga: “... antes do 31 de xullo de 2003”.

O señor PRESIDENTE: Con esa modificación votámo-la proposta número 40.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos agora á número 59.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Ó comezo da segunda liña, onde aparece a expresión “necesarias”, engadírase: “dentro das competencias autonómicas e respecto da normativa comunitaria”. E logo seguirá o parágrafo: “...para combata-la baixada continuada...”.

O señor PRESIDENTE: Votamos, entón, a número 59 con esa incorporación.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esa proposta.

Pasamos agora á número 85.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Si, señor presidente, houbo un erro pola miña parte. Na proposta de resolución

número 85 non imos propoñer ningunha transacción porque non houbo un acordo sobre ela. Polo tanto, sería...

O señor PRESIDENTE: A 92.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Efectivamente, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 92.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Proponemos que en vez da expresión “dirixirse ó Goberno central” apareza “insistir ante o Goberno central”.

O señor PRESIDENTE: Votamos entón a número 92 con esa modificación.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esa proposta por unanimidade.

Pasamos á número 93.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Onde di “dirixirse ó Goberno central”, como xa houbo esa acción, pedimos que se poña “insistir”. Dígoo por se alguén non o entendía.

O señor PRESIDENTE: Con esa modificación, entón, votamos tamén a número 93.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos agora á 104.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Ó final da primeira liña débese substituí-lo prazo de tres meses por un novo prazo dun ano.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución 104.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Votamos agora o resto das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás as que xa votamos neste momento.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Pasamos agora a votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Si, señor Veiga Buxán?

O señor VEIGA BUXÁN: Si, señor presidente.

Por unha banda, quero anunciarlle que hai unha serie de propostas transaccionadas e que no seu momento se dará lectura a ese texto. Esas propostas de resolución transaccionadas son a número 5, a número 7, a número 8, a número 9, a número 23 e a número 30.

Ademais quixera formularlle unha petición de votación segregada para as seguintes propostas de resolución:

a número 2, a 3, a 6, a 10, a 11, a 16, a 20, a 21, a 22, a 24, a 26, a 28, a 35, a 36, a 38, a 39, a 41, a 42, a 43, a 44 e a 45.

O señor PRESIDENTE: ¿Estas pódense votar conxuntamente?

O señor VEIGA BUXÁN: Si. Quedaría outra segregación máis, que sería a formada pola número 1 e a 46. E logo están as restantes, que non citei, entre as transaccionadas. Ou sexa, que son –como ve vostede– catro bloques de propostas.

O señor PRESIDENTE: Pero o bloque que empeza pola 2 e acaba na 45, estas pódense votar todas en conxunto, ¿non?

O señor VEIGA BUXÁN: Si.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Nós pediríamo-la votación por separado das propostas de resolución números 1, 2, 8, 9, 10, 16, 21, 22, 23, 29, 32 e 39.

O señor PRESIDENTE: Imos, entón, someter a votación a proposta de resolución número 1, porque pediron os dous grupos que se votara por separado.

Sometemos a votación a proposta de resolución número 1.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 17; abstencións, 17.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

Votamos agora a proposta de resolución número 2, que tamén solicitaron os dous grupos parlamentarios que se votase separadamente.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Descúlpeme, pero con este baile de números tíñame que pasar algo disto.

Debía dicirlle que a proposta número 4 ía no mesmo grupo que as números 1 e 46. A 1 xa foi votada, pero, en todo caso, pode agrupala coa número 46. Desculpe.

O señor PRESIDENTE: Ben. Procedemos, entón, agora a vota-las propostas nas que se pediu segregación, agás as que pediu tamén conxuntamente o Grupo Parlamentario dos Socialistas, que son a 3, a 6, a 11, a 20, a 24, a 26, a 28, a 35, a 36, a 38, a 41, a 42, a 43, a 44 e a 45.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos agora a 10, a 16, a 21, a 22 e a 39.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Pasamos agora a vota-las propostas números 8, 9, 23, 29 e 32.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Señor Veiga?

O señor VEIGA BUXÁN: Vostede nesa relación citou a 23, que, se non me trabuquei eu, foi citada por min como unha das transaccionadas.

O señor PRESIDENTE: Ten razón.

Entón, votarémo-las solicitadas polo Grupo Parlamentario Socialista á parte, que eran a 8 e a 9. Como a 23 é das transaccionadas, hai que ler unha nova redacción. Serían, entón, a 8, a 9, a 29 e a 32.

Póñense a votación a 29 e a 32.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos agora a 4 e a 46.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Pasamos agora á proposta transaccionada número 5.

Se me din en qué consistiu a transacción, podemos logo proceder a votala.

O señor VEIGA BUXÁN: Si, señor presidente. Na proposición de resolución número 5 do Grupo Parlamentario Popu-

lar trátase de engadir ao remate desa proposta: "... tanto públicos coma privados concertados".

O señor PRESIDENTE: Ou sexa: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a crear un servizo de avaliación do sistema educativo nos centros non universitarios, tanto públicos como privados concertados". De acordo.

Procedemos a vota-la número 5 con esa reforma.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

Pasamos á número 7.

O señor VEIGA BUXÁN: Si. O cambio consistiría en suprimir: "... realizar os esforzos necesarios". De tal maneira que ficaría: "O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar os recursos de atención".

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Con ese texto novo pasamos a vota-la número 7.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esa proposición.

Pasamos á número 8.

O señor VEIGA BUXÁN: Na proposta de resolución número 8 substituíriase a expresión "realizar os esforzos" por "promover as medidas necesarias para a consolidación...". É dicir: "... insta a Xunta de Galiza a promover as medidas necesarias para...".

O señor PRESIDENTE: Con ese texto votámo-la proposta número 8.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos agora á número 9.

O señor VEIGA BUXÁN: Na proposta de resolución número 9 o texto que aparece resultaría substituído polo seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a establecer as medidas necesarias para mellorar a información aos cidadáns sobre o coidado da súa saúde”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Con ese texto, entón, sometemos a votación esta proposta número 9.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos agora á 23.

O señor VEIGA BUXÁN: Neste caso trataríase de engadir ao remate da proposta de resolución a seguinte expresión: “... e nos montes veciñais en mancomún”.

O señor PRESIDENTE: Con esa engádega procedemos a vota-la 23.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Pasamos agora á número 30.

O señor VEIGA BUXÁN: Na proposta de resolución número 30 trataríase de engadir, onde figura “...da flora e fauna galegas”, a seguinte expresión: “...incluíndo un catálogo de especies ameazadas”.

O señor PRESIDENTE: Con esa mesma engádega sometemos a votación a número 30.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

Votamos agora o resto das propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, agás as que xa foron votadas anteriormente.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas o resto das propostas de resolución.

Esgotadas as votacións e esgotada a orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás oito e vinte e seis minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727